



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de febreiro de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día un de febreiro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(73).- ACTA ANTERIOR. Apróbese a acta da sesión ordinaria do 17 de xaneiro e extraordinaria e urxente do 23 de xaneiro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(74).-ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Á NOVA REDACCIÓN DO ART. 20 DO TRLRFL, VIXENTE A PARTIR DO 9/03/18 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO". EXPTE. 2436/500.

Vísto o informe xurídico do 19/12/17, dáse conta do informe-proposta do 26/01/18, asinado pola xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos, o interventor

xeral municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais á nova redacción do artigo 20 do TRLRFL que estará vixente a partir do 9 de marzo de 2018 segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público”.

A Lei 9/2017 de 9 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao Ordenamento Interno as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 ten introducido un cambio na “natureza” da contraprestación que pagan os usuarios pola prestación dun servizo público prestado en réxime de concesión administrativa.

Ata o presente e dende o 1 de xaneiro de 1999, o Concello de Vigo ten aprobado, baixo a natureza xurídica de taxa, a contraprestación polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais seguindo, primeiro a sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995 e logo, a Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro, así como sucesivas sentenzas do Tribunal Supremo.

Sen embargo, compre sinalar que a Sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995, ao analizar o concepto constitucional de “prestación patrimonial de carácter público” do artigo 31.3 da Constitución, sinalou que aquela é “toda prestación coactiva que se esixe ao cidadán cando este pretenda acceder a un servizo vital, obrigatorio ou ao uso do dominio público”. Engadiu que os tributos eran unha manifestación das “prestacións patrimoniais de carácter público” pero non a única.

Esta é a tese que recolle o lexislador no ano 2017 para regular de forma clara e inequívoca que “as contraprestacións que abona o usuario a un concesionario ou empresa privada que presta un servizo son “tarifas”. Se o servizo é coactivo, como é o caso presente, estas terán a natureza de “prestacións patrimoniais de carácter público pero non tributarias”.

Coa finalidade de precisar o concepto de “prestación patrimonial de carácter público de natureza non tributaria” as disposicións finais novena, undécima e duodécima da Lei 9/2017 de CSP, modifican tres normas legais de natureza tributaria: Lei de taxas e prezos públicos, Lei xeral tributaria e Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Incorpórase, ademais unha Disposición Adicional cuadraxésima terceira, cuxo único contido é fixar a natureza das contraprestacións económicas pola explotación de obras públicas ou a prestación de servizos públicos en réxime de dereito privado.

No relativo ao que afecta directamente á vixente “Ordenanza fiscal de taxas pola subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais”, en tanto que estes servizos son esenciais, obrigatorios e son prestados en réxime de concesión administrativa, reproducimos a continuación o tenor literal do novo apartado 6 do artigo 20 do TRLRFL, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2017.



Concello de Vigo

“6. Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, realizada de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.

Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, sobre la procedencia y límites de la revisión de precios, las contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas”.

Segundo o anterior esta Dirección de Ingresos ten elaborado unha adaptación do texto vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola subministración de auga potable, rede sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, ao disposto no artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2018.

A adaptación límitase ao cambio na denominación da “contraprestación” e a substitución de determinados conceptos tributarios como feito impoñible e base impoñible por outros acordados coa natureza no tributaria da “prestación patrimonial de carácter público”.

Conforme ao disposto no artigo 2 do TRLRFL e artigo 2 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, ao ser unha “prestación de dereito público” no relativo aos procedementos de xestión, liquidación e recadación non expresamente regulados na presente Ordenanza, será de aplicación o regulado na citada Ordenanza Fiscal Xeral.

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero.

Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO :

1º) Aprobar a seguinte:

“ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Á NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL QUE ESTARÁ VIXENTE A PARTIR DO 9 DE MARZO DE 2018 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO”

O Artigo 1 quedará redactado como segue:

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigos 2 e 20.6 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

O parágrafo 1 e o título do Artigo 2 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.

Os Artigos 3 e 4 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

- 1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica que utilice ou se beneficie dos servizos prestados.
- 2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles nos que se presten os servizos.

ARTIGO 4. BASE DE CÁLCULO

A base de cálculo da prestación determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo usuario, e obterase mediante diferenza da lectura dos aforos rexistrados –no respectivo contador de medida- durante dous períodos de facturación consecutivos.

No artigo 5, quedarán redactados como segue: o parágrafo primeiro da Tarifa II, os parágrafos primeiro e cuarto e o punto 3 da Tarifa III; o punto 1 da Tarifa IV e o último parágrafo da tarifa V.



Concello de Vigo

ARTIGO 5. TARIFAS

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Para a confección da liquidación, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III precedentes, teranse en conta as seguintes normas:

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar no prazo máximo de seis meses, contados a partir do seguinte á entrada en vigor desta Ordenanza, un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo.

TARIFA IV

1. Para a execución dos proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios, que se incorporará ao texto da Ordenanza como anexo número I.

TARIFA V

Con respecto á regulación das cotas unificadas, recollidas neste epígrafe, estarase ao previsto no acordo adoptado polo Pleno da Corporación (sesión de data 13 de decembro de 1997), que se achega co expediente da Ordenanza como anexo número II.

Os Artigos 6, 7 8 e 9 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 6. COTA

A fixación ou determinación da cota a pagar deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

- a) Prestación de servizos incluídos nos epígrafes II e III do artigo 5. A cota será resultado de aplicar á base de cálculo a correspondente tarifa unitaria.
- b) En todos os demais supostos, que dean orixe á obriga de pagamento, a cota será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 da presente Ordenanza.

ARTIGO 7. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

Nace a obriga de pagamento, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se utilice este, caso dos supostos previstos nos epígrafes I, II, III e IX.A) do artigo 5.

ARTIGO 8. PERÍODO DE FACTURACIÓN

O período de facturación coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas dos servizos cuxa prestación orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento e saneamento).

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN

1. A xestión, liquidación e recadación desta prestación patrimonial de carácter público realizarase conforme ao disposto nesta Ordenanza e, con carácter supletorio, conforme ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral. Corresponderán á entidade concesionaria do servizo, FCC AQUALIA, S.A. as operacións materiais de dita xestión, de conformidade co previsto no Prego de condicións que rexe esta concesión.

2. As liquidacións practicadas en virtude desta Ordenanza serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía.

O primeiro parágrafo do Artigo 11 e o seu título quedarán redactados como segue:

ARTIGO 11. COBRO DA PRESTACIÓN

1. A entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período de facturación. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

O Artigo 12 e a Disposición Final quedarán redactados como segue:

ARTIGO 12. REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓN E SANCIÓN

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a finalización do período voluntario de cobranza.

Para cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estarase a lo previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Aprobación inicial en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia.



Concello de Vigo

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

3(75).-ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS Á NOVA REDACCIÓN DO ART. 20 DO TRLRFL, VISENTE A PARTIR DO 9/03/18 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO”. EXPTE. 2437/500.

Visto o informe xurídico do 19/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 26/01/18, asinado pola xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos, o interventor xeral municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos á nova redacción do artigo 20 do TRLRFL que estará vixente a partir do 9 de marzo de 2018, segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público”.

A Lei 9/2017 de 9 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao Ordenamento Interno as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 ten introducido un cambio na “natureza” da contraprestación que pagan os usuarios pola prestación dun servizo público prestado en réxime de concesión administrativa.

Ata o presente, o Concello de Vigo ten aprobado, baixo a natureza xurídica de taxa, a contraprestación polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos seguindo o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e a Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro.

Sen embargo, con motivo da entrada en vigor da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sendo prestado en réxime de xestión indirecta (Expediente 70443/210) o servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública, compre a adaptación do texto da Ordenanza fiscal reguladora das taxas á nova “Prestación patrimonial de carácter público non tributarias”.

Coa finalidade de precisar o concepto de “prestación patrimonial de carácter público de natureza non tributaria” as disposicións finais novena, undécima e duodécima da Lei 9/2017 de

CSP, modifican tres normas legais de natureza tributaria: Lei de taxas e prezos públicos, Lei xeral tributaria e Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Incorporárase, ademais unha Disposición Adicional cuadraxésima terceira, cuxo único contido é fixar a natureza das contraprestacións económicas pola explotación de obras públicas ou a prestación de servizos públicos en réxime de dereito privado.

No relativo ao que afecta directamente á vixente “Ordenanza fiscal de taxas polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos”, en tanto que estes servizos son obrigatorios e son prestados en réxime de concesión administrativa, reproducimos a continuación o tenor literal do novo apartado 6 do artigo 20 do TRLRFL, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2017.

“6. Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, realizada de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.

Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, sobre la procedencia y límites de la revisión de precios, las contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas”.

Segundo o anterior esta Dirección de Ingresos ten elaborado unha adaptación do texto vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos, ao disposto no artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2018.

A adaptación límitase ao cambio na denominación da “contraprestación” e a substitución de determinados conceptos tributarios como feito impositivo e base impositiva por outros acordados coa natureza no tributaria da “prestación patrimonial de carácter público”.

Conforme ao disposto no artigo 2 do TRLRFL e artigo 2 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, ao ser unha “prestación de dereito público” no relativo aos procedementos de xestión, liquidación e recadación non expresamente regulados na presente Ordenanza, será de aplicación o regulado na citada Ordenanza Fiscal Xeral.

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero.

Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.



Concello de Vigo

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO :

1º) Aprobar a seguinte:

“ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS Á NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL QUE ESTARÁ VIXENTE A PARTIR DO 9 DE MARZO DE 2018 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO”

O parágrafo primeiro e o título do Artigo 1 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 1.- OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN

Constitúen o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público os seguintes servizos:

Os Artigo 2 e 4 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 2.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Son obrigados ao pagamento desta prestación patrimonial de carácter público os titulares dos vehículos inmovilizados, custodiados ou retirados, entendéndose por tales quen figure no permiso de circulación do vehículo.

Nos casos no que o servizo se preste a requirimento de calquera Autoridade xudicial ou administrativa en virtude da correspondente resolución, considerarase obrigado ao pago a Administración Pública de quen dependa.

Nos casos no que o servizo se preste para a realización de obras na vía pública para as que se conte coa debida autorización administrativa será obrigado ao pago a empresa ou organismo que solicite a retirada, salvo naqueles casos nos que a prohibición de estacionamento fose debidamente sinalizada con anterioridade e o vehículo fose estacionado posteriormente, nos que se considerara obrigado ao pago o titular do vehículo .

ARTIGO 4.- SERVIZOS EXCLUÍDOS DESTA ORDENANZA

Unicamente estarán excluídos do pagamento dos servizos regulados na presente ordenanza, os traslados prestados nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular debidamente xustificadas, e os traslados de vehículos que estando debidamente estacionados fose necesario retirar das vías públicas por impedir e obstaculizar a realización dun servizo público de carácter urxente o de natureza análoga .

O último parágrafo e o título do Artigo 5 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 5.- TARIFAS

O incremento diario aplicarase transcorridas 6 horas a partir do inicio da inmovilización ou dende que se proceda á retirada. Computarase por día completo ou fracción. Se o condutor, titular administrativo, propietario ou persoa encargada do vehículo ou contenedor se fixese cargo do mesmo ou procedese a retiralo pola súa conta, sen que se completase o traslado pola Administración Municipal ou a inmovilización no seu caso, a cota será a que resulte de aplicar sobre a tarifa de retirada ou inmovilización unha redución do 50% do total da cota que se denominará "Cota de Enganche".

No Artigo 6 os puntos 1 e 2 e os parágrafos primeiro e os tres últimos do punto 3 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 6.-

1. A obriga de pagamento da prestación patrimonial de carácter público regulada na presente ordenanza nace no momento en que se preste o servizo ou simplemente no momento en que se tivese iniciado, sen prexuízo neste último caso, de redución no importe da cota na forma establecida no artigo anterior, cando o condutor, titular ou persoa encargada do vehículo se faga cargo do mesmo e proceda a retiralo pola súa conta.

2. Para a recollida do vehículo, os interesados ingresarán no Depósito de vehículos, polo procedemento de autoliquidación, o importe da prestación calculada segundo o disposto no artigo 5 desta Ordenanza.

3. Se no prazo de 30 días naturais dende a retirada do vehículo pola grúa, este non fose retirado do depósito municipal coa presentación da autoliquidación e ingreso da taxa, procederase a realizar a correspondente liquidación administrativa da débeda, notificación desta co correspondente recibo normalizado. De non dispor doutros datos, o suxeito obrigado ao pagamento será o que figure como titular do vehículo, sendo o enderezo aos efectos de notificación o que figure no rexistro administrativo da Dirección Xeral de Tráfico, na Base de Datos de contribuíntes ou ben noutros rexistros do Concello.

•Cando se notifique a providencia de prema, pero aínda non transcorreran os prazos de pagamento establecidos no artigo 72.5 da Ordenanza Fiscal Xeral, a contía da débeda é a suma do principal máis o 10% da recarga de prema reducida.

•Cando transcorreran os prazos de pagamento establecidos no artigo 72.5 da Ordenanza Fiscal Xeral, a contía da débeda é a suma do principal máis o 20% da recarga de prema ordinaria máis os xuros de mora.

O procedemento de recadación suxeitarase ao previsto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello segundo dispón o seu artigo 2.

O apartado c) do Artigo 7 quedará redactado como segue:

ARTIGO 7.- NORMAS ADICIONAIS

c) A obriga de pagamento polos servizos prestados é independente da sanción que proceda impoñer conforme ó procedemento establecido.



Concello de Vigo

O Artigo 8 e as Disposicións Finais quedarán redactados como segue:

ARTIGO 8.- REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

De conformidade co artigo 14.2 do TRLrfl, contra os actos ditados contra a aplicación da presente ordenanza procederá el recurso de reposición nun prazo de un mes contado dende a finalización do período voluntario de cobranza.

Para cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estara-se a lo previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1ª No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral e restantes normas de aplicación.

2ª Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Aprobación inicial en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

4(76).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PREMIOS DO “CIRCUÍTO DE CARREIRAS RUNRUNVIGO”. EXPTE. 17005/333.

Visto o informe de fiscalización do 26/01/18, dáse conta do informe-proposta do 29/01/18, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica, e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 17005/333 sobre a Proposta de aprobación de premios en metálico para o circuío de carreiras populares, e tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 26 de xaneiro de 2018, no que se solicita a aclaración sobre algunhas cuestións, procédese a informar sobre as consideracións detalladas no dito informe de Fiscalización e á modificación da proposta atendendo ás observacións realizadas no citado informe de fiscalización, tal como se detalla a continuación:

- Corrixir a parte dispositiva da Proposta no sentido de substituír no punto primeiro o recoñecemento pola disposición ou compromiso do gasto, xa que estamos a adoptar un acordo con relevancia xurídica cun terceiro por un importe determinado. Esta cuestión foi corrixida na proposta
- Por outra parte no segundo punto da proposta debe referirse ao recoñecemento e pago, ao declarar a existencia dun crédito contra o Concello derivado dun gasto autorizado e comprometido. Foi modificada a proposta na liña detallada.

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

1.- Antecedentes:

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuío de carreiras populares da Cidade de Vigo. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

O programa das carreiras populares, que se desenvolve no ámbito da cidade de Vigo, está configurado por 9 tradicionais probas que se celebraron ó longo do ano 2017 e principios do ano 2018 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras tal como se detalla:

| PROBA | DATA (*) | Distancia |
|---|----------|-----------|
| XVII Medio Maratón Vig Bay | 02/04/17 | 21.097 m. |
| X 10 Km. Cidade Universitaria de Vigo | 23/04/17 | 10.000 m. |
| V Carreira da Cereixa | 28/05/17 | 10.000 m. |
| V Carreira Nocturna Correndo por Vigo | 10/06/17 | 10.000 m. |
| XXXIII Carreira Nocturna de San Xoán | 23/06/17 | 8.600 m. |
| VII 10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés | 10/09/17 | 10.000 m. |
| X Vigo+11 | 05/11/17 | 10.000 m. |
| Vigo Contra el Cáncer | 22/10/17 | 10.000 m. |
| XI Subida ao Castro | 14/01/18 | 3.000 m. |

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuío, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no circuío para a definición dunha clasificación xeral de todos os



Concello de Vigo

participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras o tempo que a mesma servirá para establecer o final de todo o circuïto os gañadores e primeiros clasificados no "Circuïto de Carreiras RunRunVigo".

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do "Circuïto", polo cal dende a Concellería de Deportes se propuxo o outorgamento dun premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuïto.

Para a clasificación final das carreiras celebradas no ámbito do circuïto 2017, cuxa última proba foi celebrada o pasado 14 de xaneiro de 2018, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 4.700,00 €, que se distribuirán nas seguintes categorías cos seguintes importes:

| Categorías* | 1º Clasificado/a | 2º Clasificado/a | 3º Clasificado/a |
|-------------|------------------|------------------|------------------|
| F-1 e M-1 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |
| F-2 e M-2 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |
| F-3 e M-3 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |
| F-4 e M-4 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |

*Na categoría F-4 só houbo 2 atletas que cumpriran cos requisitos do regulamento para ter acceso ó premio en metálico.

Tendo en conta que o importe máximo de cada un dos premios non supera en ningún dos casos os 300€, e atendendo ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, e no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que "No existirá obrigación de practicar retención o ingreso a cuenta sobre las rentas siguientes:f) Los premios.....cuya base de retención no sea superior a 300€", non se practicará ningún tipo de retención sobre os importes dos premios.

Para a aplicación deste gasto solicítase a apertura da aplicación orzamentaria 3410.481.00.00 "Premios Circuïto de Carreiras RunRunVigo", con saldo cero e os créditos necesarios para este expediente se aplicarán a bolsa de vinculación con cargo a aplicación 3410.489.00.01 "SUBVENCIONS A EVENTOS DEPORTIVOS", o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentario do servizo.

2.- Proposta:

Dos resultados parciais de cada unha das probas celebradas, foi realizada unha clasificación xeral do do "Circuïto de Carreiras RunRunVigo", que se anexa ó presente expediente e do cal despréndese que os gañadores da proposta de premios en metálico son os seguintes atletas, os cales lle corresponde os premios en metálico que se indica, os cales se lles aplicará a retención de acordo coa lexislación vixente:

Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|-------|-------|-----------------------------|-----------|----------|----------------------|-----------------|
| F-2 | 1er | ANA ALONSO GULLÓN | 36111901S | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| F-2 | 2º | BLANCA LABANDEIRA FERNÁNDEZ | 36120647K | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| F-2 | 3º | ISABEL MIRANDA GONZÁLEZ | 36112127B | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|-------|-------|-----------------------------|-----------|----------|----------------------|-----------------|
| M-2 | 1er | MANUEL PRIETO DE LA IGLESIA | 11967113Y | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| M-2 | 2º | MANUEL E. ESTÉVEZ GARCÍA | 35564751N | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| M-2 | 3º | FRANCISCO MALLO PÉREZ | 36148112R | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|-------|-------|-------------------------------|-----------|----------|----------------------|-----------------|
| F-3 | 1ª | MARI COSTAS VALVERDE | 76988779M | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| F-3 | 2ª | M. CARMEN CABALEIRO HERNÁNDEZ | 36043008F | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| F-3 | 3ª | ANA ANDRÉS DE LA IGLESIA | 36080334G | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|-------|-------|--------------------------|-----------|----------|----------------------|-----------------|
| M-3 | 1er | CARLOS J. ESTÉVEZ ALONSO | 36064828T | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| M-3 | 2º | JOSÉ CARLOS ADÁN ARIAS | 36070468M | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| M-3 | 3º | ANTONIO FUERTES SAAVEDRA | 00684475H | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|-------|-------|-------------------------|-----------|----------|----------------------|-----------------|
| F-4 | 1ª | CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ | 76986832J | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| F-4 | 2ª | JOSEFA FREIRE MOSQUERA | 76985111V | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|-------|-------|-----------------|-----|--------|----------------------|-----------------|
|-------|-------|-----------------|-----|--------|----------------------|-----------------|



Concello de Vigo

| | | | | | | |
|-----|-----|-------------------------|-----------|----------|--------|----------|
| M-4 | 1er | JOSÉ JARDÓN LÓPEZ | 10568195V | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| M-4 | 2º | J. ROBERTO REY GONZÁLEZ | 34579012F | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| M-4 | 3º | ALFONSO RODRÍGUEZ MORO | 35997859F | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Ret IRPF (19%) | Importe liquido |
|-------|-------|-----------------------------|-----------|----------|----------------|-----------------|
| F-1 | 1ª | ESTER NAVARRETE SANTANA | 53193762Y | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| F-1 | 2ª | NOEMÍ GÓMEZ MARTÍN | 12781083Y | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| F-1 | 3ª | DOLLY DARLEN GARCÍA TORRICO | 54657317W | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Ret IRPF (19%) | Importe liquido |
|-------|-------|---------------------------|-----------|----------|----------------|-----------------|
| M-1 | 1er | IVÁN ROADE LAGO | 53199012N | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| M-1 | 2º | DANIEL BARGIELA ARAÚJO | 76895328A | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| M-1 | 3º | GONZALO ARAÚJO BASCONCELO | 53191186Y | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

Tendo en conta os antecedentes descritos, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, e atendendo a que o circuíto rematou o pasado día 14 de xaneiro de 2018 coa celebración da derradeira proba e que a gala de clausura do circuíto está prevista para o vindeiro 5 de febreiro, plantéase a presente proposta ao obxecto de aprobar os gastos vinculados ao outorgamento dos premios do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo”.

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

PROPOSTA

1. Dispoñer e comprometer o gasto polo importe de 4.700,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo”, a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.481.00.00 “Premios Circuíto de Carreiras Populares Cidade de Vigo”, a cal deberá ser aberta con saldo cero, e os créditos necesarios para este expediente se aplicarán a bolsa de vinculación con cargo a aplicación 3410.489.00.01 “SUBVENCIONS A EVENTOS

DEPORTIVOS”, o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentario do servizo.

2. Recoñecer e aboar ós deportistas gañadores do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo”, os premios correspondentes a súa categoría, de acordo co seguinte desglose:

Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe líquido |
|-------|-------|-----------------------------|-----------|----------|----------------------|-----------------|
| F-2 | 1er | ANA ALONSO GULLÓN | 36111901S | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| F-2 | 2º | BLANCA LABANDEIRA FERNÁNDEZ | 36120647K | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| F-2 | 3º | ISABEL MIRANDA GONZÁLEZ | 36112127B | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe líquido |
|-------|-------|-----------------------------|-----------|----------|----------------------|-----------------|
| M-2 | 1er | MANUEL PRIETO DE LA IGLESIA | 11967113Y | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| M-2 | 2º | MANUEL E. ESTÉVEZ GARCÍA | 35564751N | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| M-2 | 3º | FRANCISCO MALLO PÉREZ | 36148112R | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe líquido |
|-------|-------|-------------------------------|-----------|----------|----------------------|-----------------|
| F-3 | 1ª | MARI COSTAS VALVERDE | 76988779M | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| F-3 | 2ª | M. CARMEN CABALEIRO HERNÁNDEZ | 36043008F | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| F-3 | 3ª | ANA ANDRÉS DE LA IGLESIA | 36080334G | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe líquido |
|-------|-------|--------------------------|-----------|----------|----------------------|-----------------|
| M-3 | 1er | CARLOS J. ESTÉVEZ ALONSO | 36064828T | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| M-3 | 2º | JOSÉ CARLOS ADÁN ARIAS | 36070468M | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| M-3 | 3º | ANTONIO FUERTES SAAVEDRA | 00684475H | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe líquido |
|-------|-------|-------------------------|-----------|----------|----------------------|-----------------|
| F-4 | 1ª | CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ | 76986832J | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| F-4 | 2ª | JOSEFA FREIRE MOSQUERA | 76985111V | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |



Concello de Vigo

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe líquido |
|-------|-------|-------------------------|-----------|----------|----------------------|-----------------|
| M-4 | 1er | JOSÉ JARDÓN LÓPEZ | 10568195V | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| M-4 | 2º | J. ROBERTO REY GONZÁLEZ | 34579012F | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| M-4 | 3º | ALFONSO RODRÍGUEZ MORO | 35997859F | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Ret IRPF (19%) | Importe líquido |
|-------|-------|-----------------------------|-----------|----------|----------------|-----------------|
| F-1 | 1ª | ESTER NAVARRETE SANTANA | 53193762Y | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| F-1 | 2ª | NOEMÍ GÓMEZ MARTÍN | 12781083Y | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| F-1 | 3ª | DOLLY DARLEN GARCÍA TORRICO | 54657317W | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

| Catg. | Clasf | Nome e apelidos | DNI | premio | Ret IRPF (19%) | Importe líquido |
|-------|-------|---------------------------|-----------|----------|----------------|-----------------|
| M-1 | 1er | IVÁN ROADE LAGO | 53199012N | 300,00 € | 0,00 € | 300,00 € |
| M-1 | 2º | DANIEL BARGIELA ARAÚJO | 76895328A | 200,00 € | 0,00 € | 200,00 € |
| M-1 | 3º | GONZALO ARAÚJO BASCONCELO | 53191186Y | 100,00 € | 0,00 € | 100,00 € |

O pago dos importes correspondentes a cada deportistas serán realizados por transferencia bancaria, para o cal os interesados deberán acreditar a titularidade dunha conta bancaria e aceptar o premio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(77).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER). EXPTE. 14438/77.

Vistos o informe xurídico do 17/01/18 e o informe de fiscalización do 23/01/18, dáse conta do informe-proposta do 22/01/18, asinado polo xefe do servizo de Emprego, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–*LEI 5/1997 DE 22 DE XULLO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA (LALGA).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 29 de setembro de 2017, o Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, acordou iniciar o expediente de contratación dun *ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER))*

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego do 29 de setembro de 2017.
2. Orde de inicio de 29 de setembro de 2017, o Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
3. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego do 8 de novembro de 2017.
4. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 8 de novembro de 2017, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, co conforme do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
5. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 8 de novembro de 2017, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, co conforme do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
6. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 21 de novembro de 2017, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, co conforme do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
7. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 21 de novembro de 2017, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, co conforme do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
8. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego do 27 de novembro de 2017.



Concello de Vigo

9. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 27 de novembro de 2017, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, co conforme do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
10. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 27 de novembro de 2017, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, co conforme do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
11. Informe do servizo de contratación de data 28 de novembro de 2017, asinado pola técnica de administración xeral.
12. Prego de cláusulas administrativas de data 28 de novembro de 2017, asinado pola técnica de administración xeral coa conformidade da xefa do servizo de contratación.
13. Informe do xefe de área de Inversións da área de Servizos Xerais de data 19 de decembro de 2017.
14. Informe xurídico de conformidade da letrada-xefa de asesoramento e conformidade da titular da asesoría xurídica de data 27 de decembro de 2017.
15. Dilixencia da intervención municipal na que realizar unha serie de observacións relacionadas co expediente, asinado pola interventora xeral adxunta coa conformidade do interventor xeral, de data 11/01/2018.
16. Informe explicativo das obervacións da intervención municipal, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego do 16/01/2018.
17. Informe do servizo de contratación de data 16/01/2018, asinado pola técnica de administración xeral.
18. Prego de cláusulas administrativas de data 16/01/2018, asinado pola técnica de administración xeral coa conformidade da xefa do servizo de contratación.
19. Informe xurídico de conformidade da letrada-xefa de asesoramento de data 17/01/2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. en resolución de 29 de setembro de 2017, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.3 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 141 da LCSP procede empregar o procedemento aberto.

Cuarto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 TRRL e no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 27 de decembro de 2017, informe favorable ó expediente de contratación.

Quinto.- No artigo 109.3 do TRLCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adjudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 110.1 TRLCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (14438/77) por procedemento aberto do *ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER))*.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 27 de novembro de 2017 e o prego de cláusulas administrativas de 16 de xaneiro de 2018 que rexirán a contratación do *ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER))*.

3º.- *Aproba-los gastos que deseguido se relacionan para a contratación do servizo de ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)), con cargo á partida 2410 2270610 “DUSI OT 9, LA 16, Asesoramento a pemes e emprendedores” dos presupostos correspondentes:*

- 149.998,19 € correspondente ao ano 2018.
- 149.998,19 € correspondente ao ano 2019.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

6(78).-DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2017. EXPTE. 8239/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/01/18, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de decembro do ano 2017.

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicatario/a | Aplicación orzamentaria | Data Decreto | Importe |
|----------|------|--|---------------------------|-------------------------|--------------|------------|
| 7556-224 | CMSU | Adquisición de equipamento | Ofi-Center Suministros SL | 23116290000 | 19/12/17 | 895,40 € |
| 8140-224 | CMSU | Adquisición elementos concienciación cidadá contra a violencia de xénero | Bieitonova, SL | 23112279906 | 19/12/17 | 8.324,80 € |
| 8136-224 | CMSE | Obradoiros con perspectiva de xénero no Auditorio Mar de Vigo | Daniela F Alvite Waisman | 23112279906 | 19/12/17 | 1.764,00 € |
| 8138-224 | CMSE | Obradoiros lúdicos/didácticos con perspectiva de xénero en Navia | Daniela F Alvite Waisman | 23112279906 | 19/12/17 | 5.725,00 € |
| 8144-224 | CMSE | Edición guías contra a violencia de xénero | Alén Multimedia SL | 23112260201 | 21/12/17 | 3.279,12 € |
| 8137-224 | CMO | Reparación e mantemento no edificio do Centro de Emerxencias | MARS SCG | 23112120000 | 19/12/17 | 9.256,50 € |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(79).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN PRAIAS OU AREAIS DE VIGO-ANOS 2018 E 2019. EXPTE. 12941/306.

Visto o informe xurídico do 23/01/18 e informe de fiscalización do 26/01/18, dáse conta do informe-proposta do 24/01/18, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes de feito

O contrato administrativo ao amparo do cal a entidade Emsebur, S.L. viña prestando os servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios en determinados areais do Concello de Vigo, rematou o 15 de setembro de 2017, ó ter transcorrido o prazo de dous anos de vixencia de dito contrato e sen que fose prorrogado (expte. 11483/306).

Tamén, rematou o contrato administrativo coa dita entidade de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida en praias do termo municipal de Vigo durante o periodo estival do ano 2017 (expte. 142108/301).

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data do 9 de outubro de 2017, emite informe sobre a necesidade e idoneidade de efectuar un novo contrato administrativo para a prestación dos servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida en determinados areais do termo municipal de Vigo.

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, ao abeiro do establecido no artigo 109.1., Disposición adicional segunda, apartado 3, do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (en adiante, TRLCSP), acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015 en relación coa resolución da Alcaldía da mesma data (BOP 14/07/2015), resolveu en data 09 de outubro de 2017, *"Iniciar o procedemento administrativo para a contratación dos servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida en determinados areais de Vigo, para os anos 2018 e 2019, e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 109 do TRLCSP e demais que legalmente procedan de conformidade coa citada norma."* (EXPT. 12941/306)

Os areais nos que inicialmente se prestará o servizo son os seguintes:

"A Punta (Teis), O Tombo do Gato, Argazada, Samil (Alcabre), O Vao, Fontáña (Coruxo), Canido (San Miguel de Oia), Fortiñón (Saiáns), Rodas e Figuerias (Illas Cies)".

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da concelleira delegada de Área, redactou o correspondente prego de prescricións técnicas, memoria xustificativa das determinacións a ter en conta no prego de cláusulas administrativas particulares que se incorporaron ó expediente. O prego definitivo de prescricións técnicas foi asinado electronicamente en data 17/01/2018.

A xefa do Servizo de Contratación redactou o corresponden prego definitivo de cláusulas administrativas particulares sendo asinado dixitalmente o 23/01/2018.

A titular da Asesoría Xurídica municipal emite informe xurídico asinado dixitalmente 23/01/2018, sobre o prego de cláusulas administrativas particulares.



Concello de Vigo

II.- Fundamentos de dereito

a) Competencia municipal

O artigo 110.i) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas indica que lle corresponde á Administración do Estado a elaboración e aprobación das disposicións sobre seguridade humana en lugares de baño e salvamento marítimo.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A Orde de 31 de xullo de 1972 (BOE 02/08/1972) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño, establece no artigo 11 que *“corresponde aos Concellos vixiar a observancia nos lugares de baño destas normas xerais e instrucións sobre o mantemento do material de salvamento e demais medidas de seguridade para as vidas humanas”*, e nos artigos 6 a 9 sinala os servizos de vixilancia, auxilio e salvamento.

O Estatuto de Autonomía de Galicia (L.O. 1/1981, de 6 de abril) atribúe á comunidade autónoma de Galicia competencias exclusivas en ordenación do litoral (artigo 27.3.) e a execución da lexislación do estado sobre salvamento marítimo (artigo 29.3).

A Resolución de 22 de maio de 2001, da Dirección xeral de Interior e Protección Civil da Xunta de Galicia, dispón a publicación da revisión e actuación do Plan de Salvamento en Praias de Galicia (Plan Sapruga) homologado pola Comisión Galega de Protección Civil (DOG 19/06/2001) e que, segundo se indica neste, está implantado no Concello de Vigo.

No mentado plan Sapruga indícase que a responsabilidade da seguridade das praias é competencia dos concellos (apartado I.1.), que a administración local participa no Plan, entre outros, cos Servizos de salvamento e socorrismo de praias do concello (apartado VI.1).

A vixente redacción do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, regulada da bases de réxime local, trala modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, xa non contempla expresamente a competencia municipal de “seguridade en lugares públicos” cinguíndose a funcións de “Policía local”, aínda que mantén a “protección civil” e o “medio ambiente urbano”.

Neste sentido, o feito de que o listado de materias establecido no actual artigo 25.2 teña eliminado algunha das contidas na anterior redacción e engadido outras non supón que queden sen efecto as atribucións competencias efectuadas por normas con rango de lei polo Estado ou as CC.AA nas materias que xa non se recollen no artigo 25.2 (ou que no seu momento non se recollían e agora tampouco), senón que se eliminou o seu carácter básico no que se refire a garantía da autonomía municipal respecto desa materia, estando a lexislación sectorial que atribuíu as competencias de que se trate (no caso que nos ocupa, a establecida no artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas) plenamente vixente, con independencia de que agora o lexislador estatal ou autonómico podería derrogar as

competencias outorgadas no seu momento (competencias incluídas nas materias do antigo 25.2 ou das materias non incluídas na nova redacción) sen afectar a autonomía municipal na materia de que se trate por canto, a día de hoxe, e segundo o lexislador básico estatal (artigo 149.1.18 CE) non forman parte do núcleo básico da autonomía local.

Este é o criterio seguido pola Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que mantén as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei 27/2013 segundo o indicado na súa Disposición adicional primeira e, tamén, que os concellos sigan prestando servizos xa establecidos que non se entenderan como o exercicio de novas competencias segundo o artigo 3.3.a) da citada norma, como sería o caso que nos ocupa (exptes. administrativos núms. 8316/306, 10938/306, 11483/306, ó amparo dos cales se viñan prestando estes servizos).

A seguridade das persoas na praia na época estival é un servizo esencial que ven desenvolvendo o Concello de Vigo ó abeiro do artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e normativa anteriormente citada, e que non pode deixar de prestarse sen que sexa asumido por algunha administración pública polo que, en tanto en canto non se derroque a lexislación sectorial que atribúe a dita competencia aos Concellos ou non se adapte á normativa sectorial existente, ben estatal, ben autonómica, segundo quen teña atribuído constitucionalmente a competencia na materia, cómpre imperativamente que o concello siga garantindo a seguridade das persoas nos areais.

Tamén, se considera de interese público municipal continuar coa prestación de servizos establecidos dende hai varios de facilitar o acceso ó baño para persoas con mobilidade reducida no período estival en dúas praias da cidade, areais de o Vao e Samil, e garantir a súa seguridade, competencia que o Concello pode seguir prestando ao abeiro do establecido no artigo 3 da Lei galega 5/2014, de 27 de maio, en relación co citado artigo 115.d. da Lei 22/1988, de 28 de xullo.

Asemade, o Concello de Vigo ven solicitando nos últimos anos o distintivo "Bandeira Azul" para nove areais: A Punta (Teis), O Tombo do Gato, Argazada (Alcabre), O Vao, Fontaiña (Coruxo), Canido (San Miguel de Oia), Fortiñón (Saiáns), Rodas e Figuerias (Illas Cies). O distintivo "Bandeira Azul" establece como cuestión de obrigado cumprimento que os areais que obteñan este distintivo dispoñan de persoal de salvamento, socorrismo, asistencia sanitaria asignado a cada un deles.

Mención especial merecen por razóns de seguridade, habida conta das súas especiais características e gran afluencia de usuarios na época de baño, a necesidade especial de vixilancia, socorrismo e salvamento nas praia de Samil, Argaza (Alcabre).

En atención ao anteriormente exposto, o Concello de Vigo debe prestar os servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento e primeiros auxilios nas praias do termo municipal de Vigo, especialmente nas de gran e media afluencia, que ademais, viñéronse prestando e considerando necesarios en anos anteriores. A saber:



Concello de Vigo

“A Punta (Teis), O Tombo do Gato, Argazada, Samil (Alcabre), O Vao, Fontaiña (Coruxo), Canido (San Miguel de Oia), Fortiñón (Saíans), Rodas e Figueiras (Illas Cíes)”.

Tamén, a prestación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida nos areas de Samil e o Vao.

Á area de Medio Ambiente ten atribuído, en virtude da resolución da alcaldía de data 19 de xuño de 2015 (BOP 14/07/2015), *“a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, e o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada”.*

O Concello de Vigo, Servizo de Medio Ambiente, non dispón de persoal coa capacidade e profesionalidade precisos nin de medios técnicos para prestar o servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida en praias do termo municipal Vigo durante o período estival polo que é preciso a contratación destes servizos ao ter rematado neste ano 2017 o prazo de duración dos contratos administrativos ao amparo dos cales a entidade Emsebur, S.L. viña prestando ditos servizos (expte. 11483/306, 142108/301).

a) Contratación dos servizos

De acordo co artigo 109 do TRLCSP a realización de contratos por parte das Administracións públicas requirirá da previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 22 da Lei. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, que deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con esta e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación (artigos 115 e 116 do TRLCSP).

A documentación anteriormente citada incorporouse ao presente expediente de contratación tal e como se sinala nos antecedentes de feito deste informe.

O prego de cláusulas administrativas particulares regula un contrato administrativo de servizos cuxo obxecto é prestar o servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida en praias do termo municipal Vigo, que prevé o artigo 10 e 19. 1 do TRLCSP, suxeito a regulación harmonizada, susceptible de recurso especial en materia de contratación e no que non é necesaria a clasificación.

O procedemento de adxudicación será o aberto ao abeiro do establecido no artigo 138.2. do TRLCSP e trámite ordinario.

O prazo de duración do contrato será de dous anos, 2018 e 2019, establecéndose a posibilidade de prórroga ano a ano para os anos 2020 e 2021.

O orzamento total de licitación ascende a 970.255,34 euros (o importe sen IVE é de 801.863,92 euros €; o IVE do 21% é de 168.391,42€); dos cales 485.127,67 euros corresponden á anualidade 2018 con cargo ás partidas orzamentaria 1720.227.01.00 “Vixilancia de praias”, 1720.227.99.05 “Asistencia Sanitaria Praias” é a súa bola de vinculación, sen que a utilización da bolsa de vinculación repercute no normal funcionamento do servizo, e 485.127,67 euros á anualidade 2019.

A aprobación de ditos pregos así como o expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponderá á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (artigos 110, 115, 116 e Disposición Adicional Segunda do TRLCSP).

A aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares terá que ir precedido do informe da titular da Asesoría Xurídica e Intervención Xeral (Disposición adicional segunda, apartado 7, do TRLCSP).

Deberá incorporarse ao expediente certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa (artigo 109.3. do TRLCSP).

A titular da Asesoría Xurídica municipal emitiu informe xurídico asinado dixitalmente o 23 de xaneiro de 2018, sobre o prego de cláusulas administrativas particulares.

Polo exposto, unha vez emitido o preceptivo informe da Intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en praias ou areas do Concello de Vigo, para os anos 2018 e 2019, conforme ao prego de prescricións técnicas asinado dixitalmente polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data do 17/01/2018, conformado pola concelleira delegada da área de Medio Ambiente e Vida Saudable, e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa do Servizo de Contratación de data 23/01/2018.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 970.255,34 euros (o importe sen IVE é de 801.863,92 euros €; o IVE do 21% é de 168.391,42€); dos cales 485.127,67 euros corresponden á anualidade 2018 con cargo ás partidas orzamentaria 1720.227.01.00 “Vixilancia de praias”, 1720.227.99.05 “Asistencia Sanitaria Praias” é a súa bola de vinculación, e 485.127,67 á anualidade 2019.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao prevenido no TRLCSP.

Acordo



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(80).-PLAN DE OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPADA: QUIOSCOS NAS PRAIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2018. EXPTE. 13046/306

Dáse conta do informe-proposta do 29/01/18, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- A concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 29 de novembro de 2017, iniciou expediente administrativo para a aprobación do plan de ocupación e explotación dos servizos de tempada nas praias do termo municipal de Vigo para a tempada estival do ano 2018, e para o outorgamento das autorizacións de instalación e explotación a terceiros dos quioscos núm. 1 do areal de A Punta e núm. 10 do Areal do Vao cuxa adxudicación quedou deserta no pasado ano 2017, a través do procedemento legalmente previsto

2.- O Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente remitiu documentación sobre os criterios a ter en conta na elaboración e explotación dos servizos de tempada (doc. 170162871, Rexistro Concello de Vigo 22/11/2017).

3.- A pedimento e coas indicacións do Servizo de Medio Ambiente, os arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo elaboraron documentación técnica para estas instalacións:

- Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Fotografías emprazamentos.
- Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación PXOM.
- Planos de emprazamento dos quioscos no que se representa a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.

4.- O Inspector municipal de Medio Ambiente emitiu informe sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2017.

5.- O delineante municipal da oficina de Patrimonio e Inventario, en data 20 de decembro de 2017, informou sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

II.- Fundamentos de dereito:

O artigo 115.c) da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais *“explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local”*.

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

- *As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que só requiran instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.*
- *Haberá que solicitalas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,*
- *Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unha das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.*
- *Outorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por sí ou por terceiros.*

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles, que corresponde outorgar á administración do Estado.

O artigo 26 da citada Lei e 49.1. do regulamento que a desenvolve, establecen a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que corresponde outorgar á Comunidade Autónoma.

Tamén, o artigo 53.1., parágrafo segundo, da Lei 22/1988, de 28 de xullo, establece que *“no caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respecten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”*

O Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, tendo emitido documento informativo sobre estas autorizacións.

Neste sentido, o Concello de Vigo ben aprobando anualmente o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo, que comprende aquelas instalacións desmontables situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre e aqueloutras situadas en terreos municipais en zona de servidume de protección ou de tránsito deste dominio. O prazo destas ocupacións estímase como xeral do 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2018.

As ditas instalacións de tempada: quioscos considéranse precisas nos areas polos servizos que prestan aos usuarios, no so polos subministracións de bocadillos, bebidas,



Concello de Vigo

xelados... senón tamén por dispor, encargarse da limpeza, de baños públicos e gratuítos para os usuarias como ben esixíndolles este Concello.

Elaborouse unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:

| DESCRIPCIÓN EMPRAZAMENTO | | ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS | OCUPACIÓN PECHADA EN M2 | OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2 |
|--------------------------|------------------------------|---|-------------------------------|--------------------------------------|
| QUIOSCO 1 | Areal da Punta. A Guía | Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito | 20 | 40 |
| QUIOSCO 2 | Areal de Santa Baia, Alcabre | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 40 |
| QUIOSCO 3 | Areal do Tombo do Gato | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 40 |
| QUIOSCO 4 | Areal do Tombo do Gato | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 40 |
| QUIOSCO 5 | Areal de Argazada | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 40 |
| QUIOSCO 6 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 40 |
| QUIOSCO 7 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 40 |
| QUIOSCO 8 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 | 40 |
| QUIOSCO 9 | Areal do Vao | Dominio público marítimo terrestre | 20 | 50 |
| QUIOSCO 10 | Areal do Vao | Dominio público marítimo terrestre | 20 | 50 |
| QUIOSCO 11 | Areal da Etea | Dominio público marítimo terrestre | 20 | 0 |

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos que se achegan no expediente.

A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais en xaneiro de 2018 e obrante no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanísticos, adecuación á normativa de accesibilidade e a observancia, en tódolos casos, das prescricións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

Os quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11 que se sitúan en dominio público marítimo terrestre ou na zona de servidume de tránsito cuxa autorización sectorial corresponde ó Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente cumpre tanto co esixido para ocupacións en tramos naturais de praias como para ocupacións en tramos urbanos, segundo o establecido no artigo 68 e 69 do Regulamento de costas aprobado por Rd 876/2014, de 10 de outubro. Neste sentido as ocupación non superan os 20 m2 de superficie cerrada nin os 50 m2 de superficie de terraza aberta, sitúanse a unha distancia igual ou superior a 300 ml, a ocupación da praia e moi inferior ó 10% da superficie en preamar, e os usos están permitidos.

Os quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 que se sitúan na zona de servidume do dominio público marítimo terrestre cuxa autorización sectorial corresponde á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia (CMAOT) cumpre co esixidos especificamente para a instalacións desmontables de tempada do Real decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, superficie que non supera os 20 m2 de ocupación pechada, distancia superior a 100 ml nos quioscos de Samil, Argazada e Tombo do Gago e nos outros incluso superan os 300 ml.

A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares.

O Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2018, recolle os mesmos quioscos e en idéntica situación que os instalados no ano 2017.

A adxudicación das autorizacións a terceiros no ano 2017, fíxose mediante un procedemento aberto de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva segundo consta no expediente administrativo número 12376/306. No referido procedemento consta que:

- A Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de xuño de 2017, acordou:

1. *“Autorizar a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306),*



Concello de Vigo

concretamente os lotes 2 (quiosco do areal de Santa Baia – Alcabre) e 9 (quiosco situado no areal do Vao) cun canon de 1.510,08 e 16.150,08 euros, respectivamente.

2. *Autorizar a D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente os lotes 3 (quiosco do areal do Tombo do Gato), 5 (quiosco do areal de Argazada) e 8 (quiosco do areal de Samil) cun canon de 7.528,00, 18.528,00 e 15.028,00 euros, respectivamente.*
3. *Autorizar a D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente o lote 4 (quiosco do areal do Tombo do Gato) cun canon de 9.155,00 euros.*
4. *Autorizar a D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente os lotes 6 (quiosco do areal de Samil) e 7 (quiosco do areal de Samil) cun canon de 25.199,99 e 26.199,99 euros, respectivamente.*
5. *Autorizar a D. MANUEL LAGO CHAPELA para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente o lote 11 (quiosco do areal da Etea) cun canon de 3.111,00 euros”.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

- Os lotes 1 quiosco do areal de a Punta – A Guía- e 10 quiosco do areal do Vao, quedaron desertos segundo acordos da Xunta de Goberno Local do 8 de xuño de 2017 (expte. 12376/306) e 28 setembro de 2017 (expte. 12743/306).

- O prego de cláusulas particulares que rexeu a adxudicación da licitación, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 5 de maio de 2017, establecía expresamente na cláusula terceira, apartado 4, que:

“4.- O concello, previo acordo expreso da Xunta de Goberno Local, poderá prorrogar as autorizacións para o período estival do ano 2018 (do 1 de xuño de 2018 ao 30 de setembro de 2018). Con carácter previo a adopción deste acordo, recabaranse as autorizacións da Xefatura Provincial de Costas de Pontevedra do MAPAMA (lotes 1, 9, 10 e 11) e Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (lotes 2, 3, 4, 5,6,7 e 8) con cuxas condicións haberá que cumprir en todo momento.”

Na cláusula cuarta, apartado 5, o prego sinala que:

“5.- No suposto de prórroga do contrato, o canon para a temporada do ano 2018 terá que aboarse antes do 31 de maio de 2018 polo importe do canon ofertado para o ano 2017 (temporada completa), sempre e cando sexa igual ou superior ao canon que resulte da aplicación das taxas das Ordenanzas fiscais municipais, incrementado, nos casos que proceda, co canon establecido polo Servizo Provincial

de Costas do MAPAMA para esa tempada. No caso de que o canon ofertado fose inferior, terá que abonar o que resulte da aplicación das ordenanzas fiscais municipais incrementado, no seu caso, co canon do Servizo Provincial de Costas para esa tempada.”

A Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de Xulio, de Costas (BOE do 30 de maio, entrada en vigor ó día seguinte), introduciu diversas modificación na citada lei de costas, en concreto, no referente ás praias e amplía o prazo máximo das autorizacións para instalacións desmontables, quioscos de tempada, que pasan de un a catro anos.

A Disposición final terceira da citada Lei 2/2013, de 29 de maio, establece que:

“No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno aprobará a revisión do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e ditará as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento e execución desta Lei.”

O Regulamento xeral de costas foi aprobado por Rd 874/2014, de 10 de outubro. Non obstante, o Decreto autonómico 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre e documento informativo sobre estas autorizacións do ano 2011; non foi modificado polo que as autorizacións sectoriais dos quioscos na zona de servidume – a case totalidade – non foron modificadas, resultado para un só ano, no período 1 de xuño a 30 de setembro e para unha superficie máxima cerrada de 20 m2.

Polo exposto, na espera dunha harmonización normativa entre os quioscos instalados en terreos de dominio público marítimo terrestre e na zona de servidume e da delimitación dos tramos naturais ou urbanos das praias que corresponde á administración competente en materia de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia: CMAOT) -artigo 67 e disposición transitoria vixésimo cuarta do Regulamento de costas, Rd. 876/2014-, considérase procedente que se prorroguen as autorizacións de terceiros para a ocupación, instalación e explotación de servizos nas praias do término municipal de Vigo para o período estival do ano 2018 (01 de xuño de 2018 ao 30 de setembro de 2018), tal e como permite o prego das autorizacións outorgadas, tendo en consideración, ademais, a inmediatez da licitación (ano 2017) que se respectaron os principios esixidos pola Lei: publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

Non obstante, tal prórroga debe contar co consentimento, ou cando menos coa non oposición, dos adxudicatarios toda vez que o prego de condicións non establecía que esta fora obrigatorio.

Tamén, resulta procedente proceder a un novo procedemento de licitación das autorizacións, por idéntico período, para os quioscos núm. 1 do areal de A Punta e núm. 10 do Areal do Vao cuxa adxudicación da súa autorización quedou deserta no pasado ano 2017, a través do procedemento legalmente previsto



Concello de Vigo

A vista do anteriormente exposto, ao abeiro das atribucións de competencias que establece o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobalo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2018, de acordo cos informes, planos e demais documentación obrante no expediente 13046/306, que se citan na parte expositiva deste acordo e consistente en:

- Documentación técnica redactada polos arquitectos municipais, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, o 15 de xaneiro de 2018, sobre:

- Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Fotografías emprazamentos.
- Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación PXOM.
- Planos de emprazamento dos quioscos no que se representa a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.

- Informe do Inspector municipal de Medio Ambiente de data 29 de novembro de 2017, sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2017, sen deterioro dos bens de dominio público.

- Informe do delineante municipal da Oficina de Inventario e Patrimonio de data 20 de decembro de 2017, sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

SEGUNDO.- Remitir, a maior brevidade posible, este Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11) .

TERCEIRO.- Remitir, a maior brevidade posible, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) da Xunta de Galicia este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para que autorice a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestres (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).

CUARTO.- Requiritr ós adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areas do Concello de Vigo segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de xuño de 2017, que se cita na parte expositiva deste acordo, para que no PRAZO DE QUINCE DÍAS HÁBILES a partir dende a notificación

deste acordo, ACEPTEN ou NON a prórroga das ditas autorizacións para o período estival do ano 2018 (01 de xuño de 2018 ao 30 de setembro de 2018), nas condicións no seu día aprobadas e as que resulten das correspondentes autorizacións sectoriais.

A NON presentación de escrito opoñéndose expresamente a prórroga da autorización para o período estival do ano 2018, entenderase que consinten a citada prórroga, debendo cumprir as obrigas inherentes a dita autorización.

QUINTO.- Unha vez obtidas as autorizacións sectoriais citadas, proceder á prórroga das autorizacións de ocupación, instalación e explotación a terceiros para a tempada estival 2018 para aqueles adxudicatarios que non se opuxesen a prórroga.

SEXTO.- Unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, os servizos municipais competentes procederán á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións dos quioscos núm. 1 do areal de a Punta – A Guía- e 10 do areal do Vao (quedaron desertos na tempada 2017) e aqueloutros cuxos titulares da autorización se opoñan á prórroga da autorización para tempada 2018, de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación; unha vez obtidas as autorizacións, á aprobación destes e a efectuar o procedemento de licitación.

SÉTIMO.- O concello de Vigo obrígase, como en anos anteriores, a esixir dos terceiros que resulten adxudicatarios das autorizacións en DPMT a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

OCTAVO.- O concello garantirá que no procedemento de outorgamento das autorizacións de ocupación, instalación e explotación dos quioscos por terceiros se respectaran os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(81).-TOMA DE COÑECEMENTO E RATIFICACIÓN DE SOLICITUDES FORMULADAS EN RELACIÓN Á CAMPAÑA DE BANDEIRA AZUL 2018: CANDIDATURAS BANDEIRA AZUL E SENDEIROS AZUIS. EXPTE. 13081/306.

Dáse conta do informe-proposta do 29/01/18, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

Antecedentes

1.- ADEAC “Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor”, entidade española sen ánimo de lucro, é cofundadora da FEE “Fundación for Environmental Education”,



Concello de Vigo

organización internacional sen ánimo de lucro que agrupa a máis de 74 ONGs; constituíndo a súa rama nacional en España que é responsable do desenvolvemento dos seus programas.

Promove, así, a educación ambiental en España e desenvolve a nivel internacional programas como Bandeira Azul (Blue Flag).

A Bandeira Azul é un galardón anual e un sistema de certificación da calidade ambiental desenvolvido pola FEE desde 1987.

Este galardón promove e premia a participación en iniciativas ambientais voluntarias das autoridades municipais, poboación local, visitantes e os axentes do sector turístico.

Os criterios para obter o galardón de Bandeira Azul agrúpanse en catro áreas:

- Calidade das augas de baño
- Información e educación ambiental
- Xestión ambiental e seguridade, servizos e instalacións.

A Bandeira Azul é concedida por un xurado internacional, presidido pola FEE e con participación, entre outros, dos axentes de NN.UU para o medio ambiente e o turismo, entre as candidaturas seleccionadas polos xurados nacionais.

No xurado nacional para España, presidido por ADEAC, participan as CC.AA. litorais, a FEMP e os Ministerios, Fundacións e Universidades implicadas.

2.- O Concello de Vigo foi galardoado con nove bandeiras azuis no ano 2017, correspondentes os nove areas do termo municipal propostos para o galardón: areas da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras e tres sendas azuis denominadas “camiño a beiramar”, “Entre Faros” e “Senda do Litoral e Monte de Guía”..

3.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada de área, instou a ADEAC-FEE os galardóns para o ano 2018:

- Candidatura de nove areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2018: areas da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras.

- Renovacións do galardóns de tres Sendeiros Azuis 2018: Sendeiro de ribeira e litoral denominado “camiño á Beiramar”, “Senda entre Faros nas Illas Cies” e “Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis”,

Os sendeiros azuis configúranse como roteiros que discorren por zonas de interese ambiental do litoral e praias, onde se pode observar a natureza, fauna e flora, e outros elementos de interese, mesmo do patrimonio cultural ao tempo que contribúen o fomento de hábitos de vida saudables.

Fundamentos de dereito

O artigo 25.2., apartados a) b), h), l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano”, “turismo”, “promoción deporte e ocupación do tempo de lecer”, “patrimonio histórico”.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19/06/2015 competencias en materia medio ambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada”.

A protección do medio ambiente, especialmente dos areais, exércese non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ven desenvolvendo diversos programas de sensibilización e educación ambiental: camiño a camiño, hortas urbanas, sendeiros...

En consideración a estas atribucións, a Concellería de Medio Ambiente ven solicitando tódolos anos o galardón de Bandeira Azul para diversas praias da cidade que contan con calidade de auga e de servizos de excelencia segundo criterios esixidos para optar a este galardón, tamén, de Sendeiros Azuis que supón a promoción de sendas vinculadas a praias con bandeiras azul. Ditos galardóns supoñen o compromiso de manter os servizos nas praias e sendas nas condicións esixidas na convocatoria do galardón e continuar co desenvolvemento de programas medioambientais.

Ditos galardóns solicítase a través de medios telemáticos, cumprimentando os cuestionarios correspondentes e achegando a documentación solicita nos prazos establecidos.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada de área, instou a ADEAC-FEE os seguintes galardóns para o ano 2018:

- Candidatura de nove areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2018: areais da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras.



Concello de Vigo

- Renovación dos galardóns de tres Sendeiros Azuis 2018:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado “camiño á Beiramar”. Discorre: Inicia o seu percorrido na Avda. de Madrid e segue o curso do río Lagares durante máis de 8,1 Km ata chegar ás proximidades da súa desembocadura onde se bifurca en dous trazos que, bordeando a costa, nos levan cara ao leste ao areal do Adro (4,5 km), e cara ao oeste ao areal de Canido (2,6 Km)

b) “Senda Entre Faros nas Illas Cíes” que discorre entre o faro do Peito situado na Illa norte ou de Monteagudo, pasa pola praia de Rodas, ata chegar o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media, cunha distancia total de 6 km entre faros (circular 12 km) onde se poden observar os principais valores medioambientais que motivaron a súa declaración como parque nacional.

c) “Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis”, que transcorre polo monte da Guía e os areas de Ríos de Afora, Etea, Punta, cala do Faro e Lagoa, cun percorrido circular de 5,77 km, onde se poden observar elementos naturais de interese medioambiental e etnográfico.

A documentación presentada telemáticamente incorporouse ó expediente administrativo 13081/306 en exemplar en papel e en formato dixital (CD).

Ao abeiro da delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno local de data 19/06/2015 (BOP 14/07/2014) esta debe tomar coñecemento das ditas peticións.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Tomar coñecemento e ratificar as solicitudes formuladas pola Área de Medio Ambiente deste Concello a ADEAC-FEE, a través da súa plataforma telemática, instando os seguintes galardóns en materia medioambiental:

- Candidatura de nove areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2018: areal da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras.

- Renovación dos galardóns de tres Sendeiro Azuis para o 2018:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado “camiño á Beiramar”. Discorre: tramo río Lagares, Avda. de Madrid a desembocadura; tramo desembocadura río Lagares á praia do Adro en Bouzas; tramo desembocadura río Lagares ó areal de Canido.

b) Senda Entre Faros nas Illas Cíes que partindo da praia de Rodas, bifurcase e chega ata o faro da illa norte ou de Monteagudo e ata o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media.

c) Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis, que transcorre polo monte da Guía, Praia da Punta e Etea en Teis.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(82).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ONCE PARA CAMBIAR O MODELO DOS QUIOSCOS SITOS NOS ENDEREZOS DE AVDA. FLORIDA 2 E RÚA URZÁIZ 185. EXPTE. 19648/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 26/01/18, asinado polo xefe do servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).

L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).

RDL 3/2011 de 14 Novembro, do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- A ONCE mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral o 21 de decembro do 2017, manifesta ter posto en marcha un proxecto de renovación paulatina dos seus quioscos instalados na vía pública, que mellore a súa funcionalidade global, cumprindo os requisitos que actualmente demanda a accesibilidade universal, combinando esta condición coa súa adaptación ó espazo que ocuparán nas cidades, sen obstaculizar o paso dos transeuntes. Polo que solicita autorización para a substitución dos quioscos instalados na Rúa Urzáiz n.º 183 e na Avda. Florida n.º 2, polo novo modelo de quiosco consonte ao proxecto técnico achegado.

SEGUNDO.- Polo servizo de mobilidade e seguridade emitiuse informe o pasado 18 de xaneiro do 2018 no que sinala:

Na data 5 de xaneiro de 2.018 recibise solicitude de informe acerca da procedencia ou non de autorizar o cambio de modelo de quiosco da ONCE pasa substituír os actuais.

Estudado o deseño dos novos quioscos aínda que as medidas son similares os quioscos actuais, existen diferencias nos tamaños, polo que:

1º.- Vemos procedente o cambio dos quioscos para substitutos polo novo modelo.

2º.- Debido as diferencias de tamaño do novo modelo respecto os antigos é necesario a supervisión da súa instalación, polo que solicitamos que sexamos avisados para revisar con contratista dos traballos a situación dos mesmos.

TERCEIRO.- No presente suposto, o solicitado pola concesionaria supón unha modificación da concesión administrativa que foille outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do



Concello de Vigo

5.12.2014, respecto ao modelo dos quioscos cuxa instalación autoriza e que constan referenciados na cláusula III do prego de cláusulas administrativas e técnicas, vendose afectada dita relación no que atinxe aos seguintes modelos de quioscos a teor do solicitado pola concesionaria:

Clausula III: ZONA DE EMPLAZAMENTO E MODELO DOS QUIOSCOS.

| QUIOSCOS DA ONCE EN VIGO | | |
|--|------------|-----------|
| Nº ENDEREZO | LOCALIDADE | MODELO |
| 23 Avd,Florida,2(Plaza de América) Vigo) | | SEVILLA |
| 28 C/ Urzáiz,185(Ref. Mercado) | Vigo | SEVILLA-M |

CUARTO.- Dacordo coas facultades que no Prego de cláusulas administrativas e técnicas pola que se rixe a concesión recoñécese a concesionaria, establececese na cláusula X, apartado B punto 2 a de *“Cambiar o modelo do quiosco, previa autorización do concello”*.

Neste senso, e atendendo ao informe do servizo municipal de seguridade e mobilidade consonte non existe inconveniente no cambio de modelo de ditos quioscos, procede acceder ao interesado pola concesionaria e conseguintemente modificar o modelo dos quioscos nº 23 e 28 relacionados na cláusula III do prego de condicións polo novo modelo previsto no proxecto técnico achegado pola concesionaria coa súa solicitude de data 21/12/2017.

QUINTO.- Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Autorizar a la ONCE o cambio do modelo dos quioscos sitos na Avd da Florida nº2(Plaza de América) e na rua Urzáiz nº185(Ref. Mercado) consonte ao novo modelo previsto no proxecto técnico achegado coa súa solicitude de data 21/12/2017, resultando modificada neses termos a Clausula III do Prego de Condicións administrativas e técnicas que rixe a concesión administrativa para a ocupación de dominio público municipal coa instalación de quioscos para a venda de produtos de xogo, autorizada pola Xunta de Goberno Local o 5/12/2014, e mantendose no demais as condicións nos que foi otorgada dita concesión administrativa.

SEGUNDO.- Previamente á realización dos traballos de substitución do modelo, a concesionaria deberá comunicar á Concellería de Seguridade e Mobilidade a data de inicio destes para a súa supervisión e sinalamento do lugar exacto de instalación, dispoñendo dun prazo de 15 días para a execución dos mesmos.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Administración de Tributos, Vías e Obras, e Seguridade e Mobilidade.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(83).- AUTORIZACIÓN DA ASISTENCIA DAS FUNCIONARIAS MUNICIPAIS TÉCNICAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS AO SALÓN INTERNACIONAL DA SEGURIDADE “SICUR 2018” NO IFEMA – FERIA DE MADRID. EXPTE. 159/2202.

Visito o informe de fiscalización do 23/01/18, dáse conta do informe-proposta do 19/01/18, asinado polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais. a xefa de área de Recursos Humanos e Formación, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, e conformado polo tesoureiro municipal, que di o seguinte:

No IFEMA (Instituto Ferial de Madrid), organízase a 21 edición do SICUR (Salón Internacional de la Seguridad), de carácter profesional, a celebrar do martes 20 ao venres 23 de febreiro.

Este evento ten como obxecto á seguridade laboral, seguridade contra incendios e emerxencias, temas directamente relacionados co ámbito de competencias das técnicas de prevención de riscos laborais do Concello de Vigo, e nos que se presentan as últimas novidades e solucións do sector da seguridade, ademais de xornadas técnicas, conferencias e debates, e actividades dinámicas con demostracións de diversas actuacións e solucións en situacións de risco e emerxencia.

En atención aos contidos do SICUR, así como ao traballo efectivo que as funcionarias D^a Isabel Cabeza Pereiro e D^a Aránzazu Gónzález Soengas, técnicas de PRL, desenvolven no Servizo Propio de PRL – Área de RRHH e Formación, estímase necesario a participación no mesmo das funcionarias indicadas, redundando os coñecementos que se adquiran na mellora da calidade do servizo que se presta por parte do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais.

Na resolución de 13/05/2015 contéplase o devengo dos gastos correspondentes polos desprazamentos a realizar, nos termos do previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e normativa de concordante aplicación, seguíndose a tal efecto o previsto nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico, e as previsións do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

A Base 36 das vixentes Bases de Execución dos Orzamentos Municipais, baixo o epígrafe “Indemnizacións por razón de servizo”, dispón que:

“As axudas de custo a percibir polos membros da Corporación, funcionarios/as e demais persoal do Concello para satisfacer os gastos que orixine o desprazamento e a estancia fóra da residencia oficial adaptaranse ao disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións complementarias”

/.../



Concello de Vigo

“Os funcionarios/as e demais persoal do Concello poderán ser resarcidos dos gastos de locomoción e manutención que por razón do servizo se vexan obrigados a realizar dentro do termo municipal.

No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas, en que se percibirá o 100 % de ditos gastos, porcentaxe que se reducirá ao 50 % cuando dita hora de saída sexa posterior as catorce horas pero anterior ás 22 horas.

No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluir a comisión sexa posterior as 14 horas, en cuxo caso percibiráse, con carácter xeral, unicamente o 50% dos gastos de manutención.”

Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Si ao autorizar a comisión de servizo no se determinase expresamente o medio de transporte, o comisionado poderá emplear os medios regulares dispoñibles, de acordo co previsto no Real Decreto 462/2002.

Cando, excepcionalmente, así se determine no acordo, poderase utilizar vehículos particulares ou outros medios especiais de transporte nos casos previstos na normativa en cada momento vixente.

Cando a orden da comisión o autorice, serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, una vez xustificadas documentalmente, os gastos de desplazamento en taxi entre as estacións de ferrocarril, autobuses, porto CONFORME, O CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA (Decreto e Acordo XGL de 19/06/2015).- Jaime Aneiros Pereiras e aeroportos e o lugar de destino da comisión ou lugar da residencia oficial, según se trate de ida ou volta, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, en dito lugar, relacionadas co servizo de que se trate”.

Nos termos do recollido no artigo 9 e Anexo I do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, e a Base 36 das Bases de execución dos Orzamentos Municipais para o vixente exercicio económico, estímase unha cantidade total de **1.357,62 €**, desglosada do seguinte xeito:

| | | |
|--|--|--------------|
| Dietas en concepto de aloxamento e manutención | -Día de saída (20/02/2018): 206,74 € correspondentes a 1 dieta completa de aloxamento e manutención, por ter lugar a saída con anterioridade ás 14:00h. | 206,74 euros |
| | -Días intermedios (21/02/2018 e 22/02/2018): 413,48 €, correspondentes a 2 dietas completas de aloxamento e manutención. | 413,48 euros |
| | -Día de regreso (23/2/2018): 37,4 euros correspondentes a 1/2 dieta de manutención ao rematar a comisión con posterioridade ás 14h) | |

| | | |
|----------------|--------------------------------|----------------------|
| | | 37,4 euros |
| Desprazamentos | Avión | 500 euros |
| | Taxi/autobús/metro/aparcamento | 200 euros |
| TOTAL | | 1357,62 euros |

O desglose dos gastos susceptibles de xenerarse nos termos do recollido no artigo 9 e Anexo I do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razón do servizo, e a Base 36 das Bases de execucion dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico, contense nos cadros anteriores, sendo necesaria unha contía total aproximada de **1.357,62 €**, en función da variabilidade do precio dos voos en liña aérea regular, clase turista/económica.

Do cal se deixa constancia aos efectos oportunos en relación co expediente administrativo de referencia.

Competencias:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a asistencia das funcionarias municipais D^a Isabel Cabeza Pereiro con nº de persoal 80660 e D^a Aránzazu González Soengas, con nº de persoal 79388, para a asistencia á ao Salón Internacional de la Seguridad “SICUR 2018” no IFEMA – a celebrar en Madrid os vindeiros 20 a 23 de febreiro de 2018, dado o interese para a actividade do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais na adquisición dos coñecementos relacionados nos obxectivos do SICUR 2018.

SEGUNDO.- Autorizar libramento a xustificar por importe de **1357,62 €** a favor da funcionaria D^a Isabel Cabeza Pereiro, con nº de persoal 80660, técnica Prevención Riscos Laborais da área de RRHH e Formación para a participación no Salón Internacional de la Seguridad “SICUR 2018”.

TERCEIRO.- Dispoñer que as indemnizacións por razón de servizo en concepto de desprazamento, aloxamento e manutención que se xeneren deberán imputarse ás partidas orzamentarias seguintes:



Concello de Vigo

-Con cargo a partida 9201230200 (dietas) o importe de 657,62 € correspondentes aos gastos de manutención e aloxamento de D^a Isabel Cabeza Pereiro con nº de persoal 80660 e D^a Aránzazu González Soengas, con nº de persoal 79388.

-Con cargo a partida 92012312000 (gastos locomoción) o importe de 700,00 €, correspondentes aos gastos de desprazamento de D^a Isabel Cabeza Pereiro con nº de persoal 80660 e D^a Aránzazu González Soengas, con nº de persoal 79388.

CUARTO.- Dispoñer que o libramento a xustificar indicado no apartado anterior se faga efectivo na conta restrinxida de pagos aperturada na Tesourería Municipal, con nº c/c 20805000673110287909.

QUINTO.- Notificar a presente resolución á Intervención Xeral Municipal para o seu trámite.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(84).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DO APARTADO V DAS BASES E CONVOCATORIA DA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO DE DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL. EXPTE: 31281/220.

Visto o informe de fiscalización do 25/01/18, dáse conta do informe-proposta do 23/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 30 de novembro de 2017, aprobou as bases reitoras e convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no art.10.1 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, TREBEP, como Diplomados/as en Traballo Social (expdte 30895/220), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 04 de xaneiro de 2017.

No apartado V das bases (Prazo de presentación de instancias) establecíase "...no prazo de 20 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios de maior tirada da Provincia".

Detectado erro material no senso de que faise referencia á publicación nun dos diarios de maior tirada da Provincia, e segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas polo que as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos, debe procederse á corrección do dito erro. Deste xeito, deberá contar coa seguinte redacción: "**20 días naturais** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra".

En consecuencia, á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, pola técnica de administración xeral que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Proceder, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á corrección do erro material do apartado do apartado V das bases e convocatoria da bolsa de emprego público de Diplomados/as en Traballo Social, que pasa a contar coa seguinte redacción “**20 días naturais** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra”.

Segundo.- Acordar que o novo prazo de presentación de instancias será de 20 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Serán admitidas como válidas, as solicitudes presentadas conforme ao establecido no acordo de data 30 de novembro de 2017 que agora se rectifica.

Segundo.- Acordar que as referidas rectificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(85).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA CONTORNA DO INSTITUTO DE BEADE”. EXPTE. 4777/440.

Dáse conta do informe-proposta do 25/01/18, asindo polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do servizo xurídico-Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do



Concello de Vigo

servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de **“MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA CONTORNA DO IES DE BEADE”**, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 14 de setembro de 2017 co número de expediente 4.777/440 por importe de 79.646,74 € (IVE excluído).

A Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2017, acorda Rectificar o erro da Xunta de Goberno Local de data 14 de setembro, no relativo ao importe do proxecto, indicando que o importe correcto IVE excluído é de 65.823,75 Euros.

En data 18 de setembro de 2017, Aqualia presenta a documentación requerida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co exposto, proponse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente **“MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA CONTORNA DO IES DE BEADE”**, cos datos requeridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 4.777/440

Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.
NIF: A28223741

Presuposto de execución material: 55.314,08 €

Presuposto de contrata: 65.823,75 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 1 mes.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Resíduos.

Clasificación do contratista: Non se exige.

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia técnica: SOLTEC INGENIEROS

Coordinación de Seguridade e Saúde: D. Antonio Bea Vidal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba queda informada.

14(86).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AO MESMO PARA A EXECUCIÓN DO CONTROL ARQUEOLÓXICO PREVIO ASO TRABALLOS DE RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA JACINTO BENAVENTE. EXPTE. 4748/440.

Visto o informe de fiscalización do 23/01/18, dáse conta do informe-proposta do 19/01/18, asindo polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 22 de xullo de 2015 o enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños emitíu informe sobre a necesidade de iniciar a actuación de renovación da rede de saneamento na Rúa Jacinto Benavente; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 28/07/15, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 07/08/15, na que se acordou “encargar á empresa concesionaria da Xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA JACINTO BENAVENTE”.

IV.- Como queira que esta actuación afecta a rúa Jacinto Benavente, desde o cruce coa Avda. De Beiramar ata o cruce coa rúa Juan Ramón Jiménez e o tramo inicial da rúa transcorre polo ámbito de protección do xacemento Picacho San Francisco e o resto polo xacemento de Marqués de Valterra, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, autorizou, a solicitude do Concello de Vigo a dita renovación da rede de saneamento, condicionada á realización dunhas sondaxes avaliativas previas; sondaxes avaliativas cuxo proxecto, redactado por don Santiago Vázquez Collazo, foi remitido á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que, con data 13 de xaneiro de 2017, autorizou a súa realización, baixo as condicións que na dita resolución figuran.



Concello de Vigo

V.- Douta parte e toda vez que a actuación afecta tamén a terreos da Autoridade Portuaria, con data de 6 de abril de 2017 solicitouse autorización desta para a execución dos “Traballos de renovación da rede de saneamento e control arqueolóxico, na rúa Jacinto Benavente”; autorización que foi concedida pola Autoridade Portuaria con data 4 de maio de 2017, coas condicións que na autorización se consignan.

VI.- Con data 17 de febreiro de 2017, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canais e Portos D^a. M^a Trinidad López Rodríguez, para a execución dos traballos de obra civil necesarios para a realización das sondaxes de referencia, cun presuposto de 34.370,90 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de UN (1) MES. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

VII.- Coa mesma data, a Concesionaria presentou tamén o detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 8.115,54 euros, IVE excluído, que foron informados favorbemente, en data 13/09/17, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Jerónimo Centrón Castaños.

VIII.- A actuación se desenvolve na rúa Jacinto Benavente como fase previa para a execución da renovación da rede de saneamento e comprende os traballos de obra civil para a execución de quince catas para sondaxe arqueolóxica do ámbito, a realizar previamente ás obras de renovación da rede de saneamento. As catas terán unha dimensións en planta de entre 2*2 metros e 2*3 metros. As actuacións comprenderán a demolición do pavimento existente, escavación e entibación do ámbito; así como o posterior recheo e reposición do pavimento unha vez efectuados os traballos de comprobación arqueolóxica.

IX.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández, con data de 17 de xaneiro de 2018, informa que o proxecto proposto é adecuado para a execución da obra do control arqueolóxico; que o seu orzamento incluído o IVA é de 41.588,79 euros, inferior a 50.000,00 euros, polo que a contratación da súa execucion pode ter a consideracion de contrato menor (artigo 138 TRLCAP); que o proxecto non afecta a estabilidade, seguridade e estanqueidade das obras polo que non é preceptivo o informe de supervisión (artigo 125 TRLCSP); que, de acordo co artigo 123.2 TRLCSP, os documentos do proxecto a presentar poderán simplificarse; que neste caso o proxecto componse do seguinte: Documento nº 1 composto entre outros de memoria, descriptiva e constructiva, Plan de obras, Xestión de residuos. Documento nº2 Planos que describen a execución das obras propostas, Documento nº 3 Pregos de Prescricións Técnicas e Documento nº 4 Medicións desglosadas, e presuposto por capítulos; que os documentos achegados definen as características técnicas das obras e o seu orzamento con prezos unitarios e descompostos; e que os prezos das unidades de obra do proxecto axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013 para as unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

Primeira.- O procedemento para a aprobación do proxecto de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE.

Segunda.- Habida conta o orzamento da obra e a súa natureza non resulta necesario o informe de supervisión do proxecto (artigo 125 TRLCSP) e cabe a simplificación da documentación do proxecto, de acordo co disposto nos artigos 123.2 TRLCSP e 126 do seu regulamento.

Terceira.- O proxecto de obras, segundo informa a Oficina de Supervisión de Proxectos é adecuado para a execución da obra do control arqueolóxico previo aos traballos de renovación da rede de saneamento na rúa Jacinto Benavente e os documentos que integran o proxecto simplificado, en cumprimento do artigo 126 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos, definen as características técnicas das obras e o seu orzamento con prezos unitarios e descompostos.

Cuarta.- Constan no expediente informes xustificativos de que os prezos das unidades de obra do proxecto e os custos asociados ao mesmo (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde), por un importe, estes últimos, de 8.115,54 euros, IVE excluído, axústanse ao disposto nos acordos da Xunta de Goberno Local de 8 e 22 de marzo de 2013.

Quinta.- A aprobación do proxecto, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre "Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE", corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico para a execución de sondeos arqueolóxicos na Rúa Jacinto Benavente, por un importe total de 34.370,90 euros (IVE excluído), e un prazo de execución de un mes, con cargo aos investimentos a que se refire a cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011 de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC, como compromisos de investimentos da mesma.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 8.115,54 euros con exclusión do IVE, segundo o seguinte detalle:

| Custo asociado | Responsable do traballo | Honorarios |
|------------------------------------|---------------------------------------|------------|
| Redacción de proxecto | GALAICONTROL | 577,66 € |
| Asistencia técnica á D.O. | GALAICONTROL | 577,66 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | CSM | 144,42 € |
| Intervención arqueolóxica | TOMOS CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN, S.L. | 6.011,56 € |



Concello de Vigo

| | | |
|--|-----------------------|-------------------|
| | SUMA | 7.311,30 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 804,24 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 8.115,54 € |

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo a “Aqualia FCC-Vigo UTE”, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(87).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE COTAS DE URBANIZACIÓN. EXP. 10440/407.

Dáse conta do informe-proposta do 22/01/18, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e o xerente, ambos da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O día 14.05.2007, a Xunta de Goberno Local, acordou, entre outros, aplicar á xestión do Polígono 2 do PERI IV-01 San Roque A, o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004) e aprobar a constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada na escritura pública outorgada o día 01.02.2007 perante o Notario do Ilustre. Colexio de Galicia, D. José Antonio Somoza Sánchez, ao nº. 327 do seu protocolo.

Mediante Resolución de data 23.11.2007 do Director Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a dita entidade urbanística colaboradora foi inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

En data 14 de decembro de 2017, D. Luis Carrajo Toro, na súa condición de Presidente de dita Xunta de Compensación, presentou escrito no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando a incoación do oportuno expediente administrativo de apremio polas cotas ordinarias aprobadas en Asemblea Xeral ordinaria celebrada o día 18 de novembro de 2016, fronte ao propietario-debedor Maestros en Obras, S.L., titular do CIF B-36.814.390.

Acompaña á súa solicitude a seguinte documentación:

- Copia da acta da Asemblea Xeral do día 18 de novembro de 2016, na que se adoptou, entre outros, o acordo de aprobación do orzamento do exercicio 2017.

- Copias das dúas notificacións da cota a abonar por Maestros en Obras, S.L., que segundo a súa cota de participación acada un importe de 1.392,77 euros.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 40.3 dos Estatutos da Xunta de Compensación establece que o pago das cotas realízase no prazo máximo de dez días hábiles dende a data de notificación do requerimento que efectuará o Consello Rector. A falta de pago no prazo sinalado, dará lugar á imposición dun recargo do interese básico do Banco de España incrementado en seis puntos. Transcorrido o referido prazo demandarase ao debedor na vía xudicial ordinaria, ou subsidiariamente interesarse da Administración municipal a incoación dun procedemento de constrinximento contra él.

Segundo o artigo 163.1 da Lei Xeral Tributaria, o procedemento de prema é exclusivamente administrativo e a competencia para entender do mesmo e resolver todas as súas incidencias corresponde unicamente á Administración tributaria.

A providencia de apremio será título suficiente para iniciar o procedemento de constrinximento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados.

Dito procedemento non será acumulable aos xudiciais nin a outros procedementos de execución. A súa iniciación ou tramitación non suspenderá a iniciación daqueles, salvo cando proceda de acordo co establecido na Lei Orgánica 1/1987, de 18 de maio, de Conflictos Xurisdiccionais, ou coas normas do artigo 164 da Lei Xeral Tributaria.

O procedemento de apremio se iniciará e impulsará de oficio en todos os seus trámites e, unha vez iniciado, só se suspenderá nos casos e na forma prevista na normativa tributaria. Se iniciará mediante providencia notificada ao obrigado na que se identificará a débeda pendente, se liquidarán os recargos que procedan e se lle requerirá para que efectúe o pago.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesouraría do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio".

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada da cota de urbanización adebedada pola sociedade mercantil Maestros en Obras, S.L. (CIF B-36.814.390) á Xunta de Compensación Polígono 2 PERI IV-01 San Roque A, de 1.392,77 euros, correspondente ao exercicio 2017, que se remite ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

16(88).- PROXECTO DE ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5180/401.

Visto o informe de fiscalización do 22/01/18, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Planeamento e Xestión e polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Mediante Decreto 142/2016, do 22 de setembro, aprobouse o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, cuxo artigo 322.6 do RLSG habilita aos Concellos a crear, regular e xestionar un rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras radicadas no seu ámbito territorial.

O día 27.04.2017, a Xunta de Goberno Local acordou abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, para a elaboración e aprobación da Ordenanza reguladora do Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras do Concello de Vigo por prazo de vinte días.

O día 02.08.2017, o Xefe do Servizo de Administración electrónica informou que o devandito período de consulta abriuse con data 05.05.2017 e pechouse sen que se presentasen achegas ou suxestións.

O día 18.12.2017, a Vicepresidenta da XMU resolveu encomendar a redacción e tramitación da nomeada ordenanza á oficina de planeamento e xestión da XMU.

En data 17.01.2018 foi elaborada a Memora xustificativa que obra no expediente.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG).
- RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, da Lei de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Decreto 17.06.1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

- Regulamento orgánico regulador do Pleno do Concello de Vigo (A.D. Pleno do 30.05.2016; BOP núm. 114 do 15.06.2016).
- Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do Plan Normativo Anual e para a avaliación normativa (XGL do 31.08.2017).
- Plan Normativo Anual do Concello de Vigo para o ano 2018 (Pleno do 29.11.2017)

I. Xustificación da iniciativa

De conformidade co disposto no artigo 2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante, LSG), a dirección e control da actividade urbanística constitúen unha función pública que corresponde exercer á administración urbanística competente, correspondendo aos municipios o exercicio como competencias propias de todas aquelas facultades que lles son atribuídas pola LSG en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección do patrimonio histórico, promoción e xestión da vivenda de protección pública, conservación e rehabilitación da edificación, agás que estean expresamente atribuídas a outras Administracións (artigo 12 da LSG).

De acordo co disposto no artigo 94.1 da LSG, a xestión do planeamento urbanístico corresponde aos municipios, se ben o seu artigo 2.2 posibilita que a xestión da actividade urbanística poda desenvolverse ben directamente por aqueles ou a través das formas legalmente previstas e das autorizadas pola lexislación reguladora da administración actuante. Precisamente, o artigo 4 do Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana aposta polo fomento da iniciativa privada na xestión pública urbanística.

Así pois, non só posibilitábase, senón que tamén trata de fomentarse, a intervención e protagonismo dos particulares nesta materia, organizados a través de entidades urbanísticas colaboradoras dependentes da Administración urbanística actuante

Doutra banda, os artigos 322 e 323 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia (en diante, RLSG), establece que os propietarios poderán participar na xestión urbanística do solo a través da constitución de entidades urbanísticas colaboradoras suxeitas á tutela do Concello. Trátase de entidades de natureza administrativa, con personalidade xurídica propia e que contan por plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins.

Pola súa parte, o Concello de Vigo desenvolve unha importe actividade na materia da xestión urbanística, exercendo funcións de tutela, fiscalización e control de múltiples entidades urbanísticas colaboradoras.

Os artigos 26 e 27 do Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, exixían a inscrición destas entidades no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras autonómico correspondente, momento a partir do que adquirirían personalidade xurídica.

Non obstante, tales preceptos deixaron de ser aplicables na nosa comunidade autónoma a partir da entrada en vigor do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo (no sucesivo, RLSG), por mor do establecido na súa disposición derradeira segunda, letra c) e, así mesmo, o RLSG, suprimiu, na súa Disposición adicional primeira, o Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, ao non ser tal inscrición, de acordo coa xa referida normativa urbanístico-autonómica, presuposto para que adquiran plena personalidade



Concello de Vigo

xurídica.

Con todo, o artigo 322.6 do RLSG habilita aos Concellos a crear, regular e xestionar un rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras radicadas no seu ámbito territorial.

A creación, regulación e xestión do Rexistro municipal de entidades urbanísticas colaboradoras poñerá a disposición desta Administración urbanística e dos interesados, unha ferramenta que permita incorporar a un rexistro propio e organizado, como mínimo, os datos ata agora consignados no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, así como aqueles outros que afectan ao funcionamento das entidades xa existentes e das que se constitúan no futuro, para o máis eficaz seguimento da xestión urbanística e da custodia e manexo da información relevante dunhas entidades que exercen funcións públicas de carácter urbanístico.

Dado o obxecto, contido e fins desta iniciativa non se observan cuestións a valorar por razóns de impacto de xénero.

II. Competencia municipal

A Administración local dispón da potestade regulamentaria como medio xurídico exorbitante para o cumprimento dos seus fins, sendo así que o principio de autonomía municipal, recoñecido constitucionalmente, ten unha primeira e fundamental manifestación nesta potestade administrativa (arts 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 6.1.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia e correlativos).

Pola súa parte, o artigo 25.2 da LRBRL establece que o municipio exercerá en todo caso como competencia propia, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “a) *Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística (...)*”.

Neste senso, de acordo co preceptuado no artigo 2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a dirección e control da actividade urbanística constitúen funcións públicas a exercer pola administración urbanística competente, correspondendo aos municipios o exercicio, como competencia propia, de todas as facultades que lles son atribuídas pola LSG en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, entre outras (artigo 12 da LSG). E, concretamente, o artigo 94.1 da LSG residencia nos municipios a xestión do planeamento urbanístico, o que se realizará mediante algún dos sistemas de actuación, directos ou indirectos, legalmente previstos e regulamentariamente desenvolvidos.

Neste contexto, o artigo 322.6 do RLSG faculta aos Concellos a crear, regular e xestionar un rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras radicadas no seu ámbito territorial.

III. Procedemento de aprobación

Na actualidade, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas incorpora un Título VI, relativo ao exercicio da potestade normativa, no que se enuncian os principios de: legalidade, necesidade, oportunidade e acerto das disposicións de carácter xeral, que deben garantirse e xustificarse a través dos estudos e informes previos, memorias económicas, avaliacións e outras técnicas que a lexislación sectorial poda requirir. E, dado o carácter básico desta norma legal, os seus preceptos deben relacionarse cos tñmen básicos da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Neste senso, en aplicación do artigo 132 da LPACAP o Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria

do 29.11.2017, acordou a aprobación do Plan anual normativo do Concello de Vigo para o ano 2018. Dado que a presente iniciativa non figura nel, pese a ter xa superada naquela data a fase de consultas determinada no artigo 133 da LPACAP. É por elo, que para garantir a observancia das “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do Plan Normativo Anual e para a avaliación normativa” aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 31.08.2017, nas que se recolle o suposto de iniciativas non incluídas no Plan Anual Normativo aprobado, realizarase, en tempo e forma, a conseguinte remisión da iniciativa tramitada á Secretaría xeral do Pleno.

Así mesmo, de acordo cos artigos 49 da LRBRL e 133 da LPACAP, logo da consulta referida no artigo 133 da LPACAP, logo do informe que emita o Interventor municipal, seguirase o seguinte procedemento:

- Aprobación, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local do proxecto de ordenanza
- Ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo
- Aprobación inicial polo Pleno, no seu caso.
- Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións. Publicación no portal web do Concello de Vigo (LPACAP).
- Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva, no seu caso, polo Pleno.

De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Consonte ao previsto no artigo 70.2 da LRBRL entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno e publicada integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL. Así mesmo, publicarase na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org> e no Portal de Transparencia. O acordo publicarase tamén nos taboleiros de editos da XMU e do Concello de Vigo para xeral coñecemento.

IV. Órgano competente.

Consonte ao artigo 127 da LRBRL correspóndelle á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e das súas comisións. É por elo, que por proposta do Consello da XMU (artigo 10.1º dos Estatutos da XMU), someterase o proxecto á aprobación da Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación inicial, se procede, polo Pleno do Concello de Vigo previo ditame do Consello da XMU.

Por canto antecede proponse, sen prexuízo do que resulte do informe do Interventor municipal a recabar logo da formulación do presente informe-proposta, a adopción do seguinte ACORDO,

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do Rexistro municipal de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo, co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública e audiencia polo prazo de trinta (30) días para a



Concello de Vigo

presentación de reclamacións e suxestións mediante anuncio que se inserirá no “Boletín Oficial” da provincia, no “Taboleiro de Edictos” do Concello e na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org>. Darase igualmente cumprimento ás esixencias da Lei 19/2013, do 9 de decembro, da Lei de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza no BOP, entrando en vigor cando teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

Con data 25/01/18, o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo: “elear á Xunta de Goberno Local a presente proposta para a súa resolución”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS DO CONCELLO DE VIGO

PREÁMBULO

As entidades urbanísticas colaboradoras constitúen a máis xenuina expresión da colaboración dos particulares na xestión urbanística, como entes instrumentais que asumen funcións públicas para a máis eficaz xestión e execución do planeamento urbanístico.

Na nosa comunidade autónoma esta colaboración ven recoñecida no artigo 322.1 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (no sucesivo, RLSG) que habilita aos propietarios a participar na xestión urbanística mediante a creación de entidades urbanísticas colaboradoras dependentes da Administración urbanística actuante, a quen competará, segundo o artigo 10.1 do Real decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana (TRLSRU), a aprobación dos seus estatutos, momento a partir do que adquirirán personalidade xurídica.

Estas entidades están dotadas de personalidade xurídica propia e independente da dos membros que a integran e da Administración actuante da que dependen, teñen a súa propia capacidade xurídica, de obrar e procesual e, como tales, dispoñen do seu propio réxime de obrigas e responsabilidades e dun especial réxime estatutario que define a súa estrutura e funcionamento dentro do marco legal que as define.

Con base ao establecido no artigo 27 do Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenrolo e aplicación da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana (afectado pola disposición derradeira segunda do RLSG) e demais normativa concordante, na nosa comunidade autónoma estas entidades inscribíanse no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, momento a partir do que adquirirían personalidade xurídica propia. Hoxe, sen embargo, este requisito queda substituído polo da

aprobación dos seus estatutos (artigo 10 do TRLSRU). Neste senso, compre sinalar cómo o Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras autonómico foi suprimido por mor da disposición adicional primeira do RLSG, en consonancia coa regulación da materia derivada do Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Solo.

Con todo, o artigo 322.6 do RLSG habilita aos Concellos a crear, regular e xestionar os seus propios rexistros administrativos das entidades urbanísticas colaboradoras radicadas no seu ámbito territorial.

Pois ben, malia a non obrigatoriedade deste tipo de rexistros, o certo é que se trata dun instrumento útil como ferramenta para o control e seguemento da actividade destas entidades, facilitando o exercicio das funcións de control, fiscalización e tutela que ten asumidas a Administración urbanística, ademais de contribuír á transparencia no exercicio da función pública urbanística, sendo así que responde aos principios de necesidade e eficacia. A levanza organizada dun rexistro no que se consignen os datos organizativos máis relevantes das entidades urbanísticas colaboradoras permite un control máis eficiente das funcións administrativas, conténdose nesta iniciativa, de acordo co principio de proporcionalidade, a regulación imprescindible para atender tales finalidades de forma coherente co resto do ordenamento xurídico e, singularmente, en exercicio da habilitación contida no artigo 322.6 do RLSG.

Desta forma, a norma opta pola simplificación de trámites e fomenta a iniciativa municipal na inscrición dos diferentes actos e datos, favorecendo o máis eficiente control do funcionamento das entidades urbanísticas colaboradoras e evitando cargas administrativas innecesarias.

Conseguentemente, harmonizando cos diferentes principios consignados no artigo 129 da LPACAP, a norma responde aos principios de necesidade e eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Xa que logo, accederán ao Rexistro aqueles datos que teñan relevancia dende o punto de vista das funcións públicas que teñen encomendadas e que afectan directamente á composición deste tipo de entidades, así como ao seu funcionamento no ámbito da xestión urbanística. Así mesmo, o control da levanza organizada destes datos procurará unha maior concienciación sobre a importancia da identificación dos membros de cada entidade, coas posibles subrogacións que puideran terse producido, así como dos seus órganos de goberno, entre outras, cuestións, e todo elo sen xerar novas cargas administrativas innecesarias ou accesorias, fomentándose a incorporación ao Rexistro de oficio dos actos e datos comunicados.

Refórzase, desta forma, a seguridade xurídica do sistema e a transparencia no funcionamento dunhas entidades que, en definitiva, exercen funcións público-urbanísticas de carácter administrativo, tales como: a xestión urbanística, a execución do planeamento e a conservación das obras de urbanización; cumpríndose, así mesmo, coas previsións legais a respecto do acceso e participación activa dos destinatarios tanto durante á elaboración da norma como cara a súa publicidade e coñecemento.

Así mesmo, dotarase a este Rexistro de certa flexibilidade co fin de que poidan incorporarse tamén outro tipo de entidades ademais das estritamente recoñecidas na referida normativa autonómica, tales como as asociacións administrativas facultadas pola lexislación estatal de referencia para actuar no mercado inmobiliario con plena capacidade xurídica e que, na actualidade relaciónanse co deber de conservación e participación en actuacións de rexeneración e renovación urbanas, así como aquelas que contemple a normativa autonómica que regule ese tipo de intervencións, sempre que compartan esa natureza de entidades urbanísticas colaboradoras.



Concello de Vigo

É por elo, que resultando conveniente a creación dun Rexistro municipal propio no que se leven, consignen e arquiven aqueles datos e acordos considerados máis relevantes para o funcionamento e seguimento das entidades urbanísticas colaboradoras dependentes do Concello de Vigo, considérase acaído exercitar a habilitación contida no referido artigo 322.6 do RLSG e poder, así, dispoñer dun instrumento de control propio e con plenos efectos xurídicos, que contribúa ao exercicio das funcións urbanísticas encomendadas a esta Administración tutelante.

Desta forma, a inscrición no Rexistro municipal aínda que non resulta un requisito exigible para a adquisición de personalidade xurídica propia, permitirá dispoñer dunha relación actualizada e organizada dos máis relevantes actos, datos e información que afectan ao funcionamento de cada entidade urbanística colaboradora, dotando a esta ferramenta, para maior garantía xurídica, das formalidades e efectos xurídicos propios dun instrumento desta natureza.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o Rexistro municipal de entidades urbanísticas colaboradoras dependentes do Concello de Vigo, creado ao abeiro do disposto no artigo 322.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), en aplicación do que os concellos poderán crear, regular e xestionar un rexistro administrativo de entidades urbanísticas colaboradoras radicadas no seu ámbito territorial.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. A presente Ordenanza aplicarase a todas aquelas entidades urbanísticas colaboradoras constituídas ou que se constituán no termo municipal de Vigo para a xestión urbanística.

De acordo co establecido no artigo 323 do RLSG, as entidades urbanísticas colaboradoras teñen carácter administrativo e dependen, nesta orde, da Administración urbanística actuante. Dispoñen de personalidade e capacidade xurídica propias para o cumprimento dos seus fins.

2. Teñen a condición de entidades urbanísticas colaboradoras, de conformidade coa clasificación establecida no artigo 322.2 do RLSG:

- a) As asociacións administrativas de propietarios no sistema de cooperación
- b) As entidades urbanísticas de xestión no sistema de concerto
- c) As xuntas de compensación
- d) As entidades urbanísticas de conservación

Terán esta mesma condición todas aquelas entidades que con esta mesma natureza sexan recoñidas pola normativa urbanística.

Artigo 3. Natureza

O Rexistro Municipal de Entidades Urbanísticas Colaboradoras ten a consideración de rexistro administrativo, electrónico e público e nel se inscribirán todas as entidades urbanísticas colaboradoras

constituídas e que se constituían para o desenvolvemento e xestión urbanística.

CAPÍTULO II. FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN DO REXISTRO DE ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS

Artigo 4. Responsable do rexistro

O Servizo competente en materia de xestión urbanística será o responsable da levanza do Rexistro, así como do mantemento, actualización, coordinación e seguemento dos datos que nel se consignen, da práctica das inscricións e anotacións que resulten procedentes e da expedición de copias, informes e certificacións, cando proceda.

Artigo 5. Inscricións

Causarán alta no rexistro as entidades urbanísticas colaboradoras, de oficio e sen necesidade de previa solicitude polos interesados, aquelas entidades que figuraran inscritas, antes da entrada en vigor desta Ordenanza, no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dependente da Xunta de Galicia.

As demais entidades inscribíranse logo da súa formal constitución e, nos casos nos que o exixa a normativa de aplicación, da súa aprobación pola Administración actuante.

A inscrición daqueles acordos ou datos que non requiran de aprobación municipal producirase previa solicitude da entidade urbanística colaboradora. Entederase implícita esta solicitude coa presentación, perante a Administración tutelante, dos acordos e datos susceptibles de acceder ao Rexistro, vía inscrición e/ou vía depósito.

Na inscrición da entidade urbanística colaboradora faranse constar os seus datos identificativos e un código diferenciador.

As entidades urbanísticas colaboradoras serán responsables de comunicar ao Concello de Vigo, a través da Xerencia Municipal de Urbanismo, e instar a aprobación municipal nos casos nos que o exixa a normativa de aplicación, de calquera modificación que se produza nalgún dos apartados referidos no artigo 6.2 desta Ordenanza.

Artigo 6. Organización

1.O Rexistro levarase en soporte electrónico e estará constituído por seccións e subseccións nas que se consignarán os diferentes datos de todas as entidades que causen inscrición.

O rexistro dividirase nas seguintes seccións en función do carácter de cada unha das entidades constituídas:

- a) xuntas de compensación
- b) asociacións administrativas de propietarios
- c) entidades urbanísticas de xestión
- d) entidades urbanísticas de conservación
- e) outras entidades urbanísticas colaboradoras



Concello de Vigo

2. Cada entidade urbanística colaboradora inscrita dentro da súa sección rexistral dará lugar aos seguintes apartados ou subseccións:

- 1) Asento de inscrición
- 2) Acordo de constitución
- 3) Estatutos e bases de actuación
- 4) Membros do órgano reitor
- 5) Listaxe de xunteiros
- 6) Outros
- 7) Entidades canceladas

3. No asento de inscrición consignaranse os seguintes apartados:

- N.º de rexistro (código diferenciador)
- Data de inscrición
- Denominación da entidade
- Domicilio social
- Cargos
- Obxecto e fins
- Documento de constitución da entidade/data de aprobación

4. Ao apartado correspondente ao acordo de constitución incorporárase un exemplar orixinal ou copia auténtica do acordo e da escritura pública de constitución.

5. Ao apartado correspondente dos estatutos e bases de actuación incorporárase un exemplar orixinal ou copia auténtica dos estatutos e bases de actuación da entidade e as súas modificacións, consignándose, así mesmo, a data de aprobación en cada caso.

6. Ao apartado correspondente á inscrición dos membros do órgano reitor, consignaranse os datos identificativos das persoas que ocupan os distintos cargos do dito órgano, deixando constancia da data de designación/aceptación do cargo, prórrogas e renovacións que sexan comunicadas. A renovación dos cargos non dará lugar a eliminación das inscricións anteriores, polo que sempre deixárase constancia das persoas que ostentaron cada cargo en cada momento.

7. No apartado destinado á listaxe de xunteiros, figurarán estes e as súas modificacións, cos seguintes datos mínimos: nome e apelidos, dni, enderezo, data de incorporación/adhesión, parcelas cuxa titularidade lle corresponda, cuota de participación e data na que teña lugar, de ser o caso, a subrogación. As subrogacións non producirán a eliminación das inscricións dos xunteiros subrogados de tal forma que se deixe sempre constancia das persoas propietarias en cada momento.

8. No apartado "Outros" incorporárase outros datos de interese non contemplados nas anteriores subseccións (tales como, datas de aprobación de instrumentos de equidistribución, operacións xurídicas complementarias, conta de liquidación definitiva, etc.).

9. O Rexistro disporá dun "histórico" ao que se incorporarán os datos e inscricións correspondentes ás entidades urbanísticas colaboradoras canceladas.

10. Todos os documentos que accedan ao Rexistro deberán ser orixinais ou copias debidamente

autenticadas.

Artigo 7. Cancelación

Practicarase a cancelación da inscrición das entidades urbanísticas colaboradoras cando sexa aprobada a súa disolución pola administración urbanística actuante por concorrer algún dos supostos legalmente previstos para lexitimar a dita disolución ou ben por resolución xudicial firme.

A cancelación requirirá da previa formalización da disolución en escritura pública ou documento protocolizado notarialmente nos termos do exixido no artigo 328.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

En todo caso, a práctica do asento de cancelación non significará a desaparición das inscricións e demais asentos que tiveran sido practicados a respecto da entidade cancelada, que deberán ser conservados pola administración urbanística actuante.

Artigo 8. Asento de rectificación

Os erros materiais, de feito ou aritméticos, que se detecten no contido dos asentos practicados, serán rectificadas, de oficio ou a instancia de parte, polo encargado do Rexistro mediante anotación de rectificación.

Artigo 9. Nota ao marxe

Poderán acceder ao Rexistro mediante nota ao marxe aqueles datos ou circunstancias cuxa constancia se estime de interese para o bo funcionamento do seguemento da xestión urbanística e que non dean lugar a práctica de inscricións.

CAPÍTULO III. EFICACIA E ACCESO

Artigo 10. Eficacia

Os datos consignados no Rexistro presumiranse válidos e veraces, agás proba en contrario, polo que producirán plenos efectos. Así mesmo, presumirase a validez e eficacia dos documentos nel depositados.

Artigo 11. Acceso ao rexistro

Terá lugar na forma establecida na lei procedimental común e demais que rexan o acceso aos rexistros públicos.

Os datos persoais que figuren no rexistro estarán protexidos pola lexislación reguladora da protección de datos de carácter persoal.

Artigo 12. Certificacións e copias

Nos casos nos que sexa autorizado, expediranse certificacións dos datos que se consignent no Rexistro ou copias dos documentos que figuren nel, sen que con elo quede habilitado o solicitante/consultante para o tratamento posterior deses datos ou a súa inclusión nun ficheiro dos



Concello de Vigo

previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de outubro, de Protección de datos de carácter persoal. A expedición de certificados e copias estará suxeita ao previo aboamento das taxas vixentes no Concello de Vigo.

Artigo 13. Taxa

Pola práctica das inscricións devengaranse as taxas que legalmente se aproben polo Concello de Vigo.

Disposición adicional única

No caso de entidades urbanísticas colaboradoras constituídas antes da entrada en vigor desta Ordenanza, cando as circunstancias do caso o xustificuen, será suficiente coa inscrición no Rexistro Municipal de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dos datos identificativos da entidade, domicilio social e membros do órgano reitor que consten no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, sen prexuízo do que, os actos posteriores a súa entrada en vigor deberán ter acceso ao Rexistro.

Disposición final única

Esta ordenanza entrará en vigor cando, publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcurrida o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante, LRBRL), de conformidade co establecido no artigo 70.2 da LRBRL.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

17(89).- RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE O PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O MANTEMENTO E ASISTENCIA DO APLICATIVO QUE DA SOPORTE Á CONTABILIDADE MUNICIPAL. EXPTE. 8372/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 1/02/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBL).

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

ANTECEDENTES

En data 21 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) aprobou o expediente de contratación relativo ao procedemento negociado sen publicidade para o mantemento do aplicativo para a xestión da contabilidade municipal e a asistencia técnica asociada a dita xestión, que inclúe os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen o mesmo.

Detectouse un erro material nos seguintes apartados das FEC :

No punto 7.B das FEC di.

4.- Comprométese a efectuar (nº) horas o ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello (superior ao mínimo establecido de 240horas).

Debe dicir:

4.- Comprométese a efectuar (nº) horas o ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello (superior ao mínimo establecido de 24 horas).

No punto 8.A di:

- Número de horas a maiores das ofrecidas (240 horas) a custe cero

Debe dicir:

- Número de horas a maiores das ofrecidas (24 horas) a custe cero

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa, advertiuse un erro material nos seguintes apartados das FEC .

No punto 7.B das FEC di.

4.- Comprométese a efectuar (nº) horas o ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello (superior ao mínimo establecido de 240horas).

Debe dicir:

4.- Comprométese a efectuar (nº) horas o ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello (superior ao mínimo establecido de 24 horas).



Concello de Vigo

No punto 8.A di:

- Número de horas a maiores das ofrecidas (240 horas) a custe cero

Debe dicir:

- Número de horas a maiores das ofrecidas (24 horas) a custe cero

Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

ACORDO

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar os apartados 7 B e 8 A das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para o mantemento do aplicativo para a xestión da contabilidade municipal e a asistencia técnica asociada a dita xestión nos que se efectuaran as seguintes modificacións:

No punto 7.B das FEC di.

4.- Comprométese a efectuar (nº) horas o ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello (superior ao mínimo establecido de 240horas).

Debe dicir:

4.- Comprométese a efectuar (nº) horas o ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello (superior ao mínimo establecido de 24 horas).

No punto 8.A di:

- Número de horas a maiores das ofrecidas (240 horas) a custe cero

Debe dicir:

- Número de horas a maiores das ofrecidas (24 horas) a custe cero

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(90).- PRÉSTAMO TEMPORAL DE 3 OBRAS DE ANTONIO QUESADA DO MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL NA SALA DE EXPOSICIÓN DO TEATRO AFUNDACIÓN DE VIGO. EXPTE. 6240/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 31/01/18, dáse conta do informe-proposta de data 11/01/18, asinado polo director do Museo, o xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Con data 26 de decembro de 2017 recíbese no Museo municipal “Quiñones de León” escrito de Dna. M^a Fe Rodríguez Fernández, viúva de Antonio Quesada, no que se informa da organización durante 2018 dunha exposición homenaxe á figura do artista. A exposición será producida por AFUNDACIÓN coa colaboración da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e impulsada pola familia e amigos de Antonio Quesada. A mostra celebrarase entre o 8 de febreiro e o 7 de abril de 2018 na Sala de Exposicións do Teatro Afundación de Vigo.

Para a exposición solicítase ao Museo municipal “Quiñones de León” o préstamo temporal das seguintes obras:

- **Artista:** Antonio Quesada
- **Nº Inv.:** 84
- **Técnica:** Óleo/lenzo
- **Dimensións:** 65 x 81 cm
- **Título:** Muller e fiestra
- **Valor a efecto de seguro:** 3.005 euros

- **Artista:** Antonio Quesada
- **Nº Inv.:** 311
- **Técnica:** Óleo/lenzo
- **Dimensións:** 114 x 146 cm
- **Título:** Arboreda
- **Valor a efecto de seguro:** 8.000 euros

- **Artista:** Antonio Quesada
- **Nº Inv.:** 312
- **Técnica:** Óleo/lenzo
- **Dimensións:** 114 x 146 cm
- **Título:** Derradeira luz
- **Valor a efecto de seguro:** 8.000 euros

Con posterioridade, AFUNDACIÓN remite ao Museo o relatorio de condicións técnicas para exposicións da Sala de Exposicións do Teatro de AFUNDACIÓN en Vigo.

Estudado o *Facility Report* que establece as condicións climáticas, de iluminación e seguridade da sala onde terá lugar a exposición para a que se solicita a obra, enténdese que esta contempla todas as condicións que se consideran suficientes para proceder a préstamo.

DISPOSICIÓNS LEGAIS.

Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local



Concello de Vigo

Regulamento de Bens das Entidades Locais.

RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O museo municipal “Quiñones de León” de Vigo foi declarado monumento histórico-artístico mediante decreto 474/1962 de 1 de marzo; e conseguintemente, coas súas coleccións, contan coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) mediante Resolucións de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

Segundo establece o artigo 64.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia -DOG núm 92, de 16 de maio de 2016- “ O traslado de bens mobles declarados de interese cultural (BIC) deberá ser autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e anotado no Rexistro de Bens de Interese Cultural. Indicarase a súa orixe e destino, o carácter temporal ou definitivo do traslado e as condicións de conservación, seguridade, transporte e, no seu caso, aseguramento”.

Vistos os antecedentes e dado o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arte do Museo municipal “Quiñones de León”, a dirección deste museo propón á **Xunta de Goberno Local**:

1.- “Autorizar o préstamo temporal das seguintes obras:

- **Artista:** Antonio Quesada
- **Nº Inv.:** 84
- **Técnica:** Óleo/lenzo
- **Dimensións:** 65 x 81 cm
- **Título:** Muller e fiestra
- **Valor a efecto de seguro:** 3.005 euros

- **Artista:** Antonio Quesada
- **Nº Inv.:** 311
- **Técnica:** Óleo/lenzo
- **Dimensións:** 114 x 146 cm
- **Título:** Arboreda
- **Valor a efecto de seguro:** 8.000 euros

- **Artista:** Antonio Quesada
- **Nº Inv.:** 312
- **Técnica:** Óleo/lenzo
- **Dimensións:** 114 x 146 cm
- **Título:** Derradeira luz
- **Valor a efecto de seguro:** 8.000 euros

á Dna. M^a Fe Rodríguez Fernández, organizadora xunto a AFUNDACIÓN e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, para a súa exposición na mostra dedicada ao pintor Antonio Quesada, que se celebrará entre o 8 de febreiro e o 7 de abril de 2018, na Sala de Exposicións do Teatro AFUNDACIÓN de Vigo, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente”

2.- “En todo caso, o préstamo queda condicionado á aceptación, por parte dos organizadores e promotores da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente, así como á resolución favorable da saída de obra por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(91).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez